

Estudo do mercado laboral. Galicia 2004 ○○○



**EDITA:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**COORDINACIÓN:**

Maria Luisa Mallo Fernández  
Reyes Gámez Guardiola

**EQUIPO TÉCNICO:**

Marta Bermúdez de Santiago  
Ricardo Fernández López  
Rosa M<sup>a</sup> Fernández Fernández  
Diego Loureda Couceiro  
Esther Sánchez González  
M<sup>a</sup> José Sánchez Mariño  
Juan Manuel Suárez García  
M<sup>a</sup> Belén Yáñez Barge

**EQUIPO AUXILIAR:**

M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro

**IMPRIME:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**DEPÓSITO LEGAL:**

C-1361/05

**ISSN:**

1579-5675

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN</b>  | <b>7</b>  |
| 1.1. Contido, metodoloxía e fontes de información                       | 8         |
| 1.1.1. Perfil sociodemográfico  | 9         |
| 1.1.2. Tecido empresarial   | 9         |
| 1.1.3. Demandas   | 10        |
| 1.1.4. Ofertas  | 11        |
| 1.1.5. Contratos  | 12        |
| 1.2. Definicións e Taxas  | 13        |
| <br>  |           |
| <b>2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DE GALICIA</b>                            | <b>21</b> |
| 2.1. Poboación activa   | 21        |
| 2.2. Poboación ocupada  | 25        |
| 2.3. Poboación parada   | 27        |
| <br>  |           |
| <b>3. TECIDO EMPRESARIAL</b>  | <b>33</b> |
| 3.1. Tecido produtivo de Galicia. Situación actual                      | 33        |
| 3.2. Evolución das principais variables do tecido produtivo             | 33        |
| <br>  |           |
| <b>4. DEMANDAS</b>  | <b>43</b> |
| 4.1. Demandantes rexistrados nas provincias galegas                     | 43        |
| 4.2. Demandantes parados. Evolución                                     | 44        |
| 4.3. Demandantes por situación laboral                                  | 46        |
| 4.4. Demandantes de emprego por sexo e grupos de idade                  | 46        |
| 4.5. Demandantes de emprego por nivel académico                         | 48        |
| 4.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego                  | 49        |
| 4.7. Demandantes por actividade económica de procedencia                | 50        |
| 4.8. As trinta ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego | 52        |
| 4.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego                             | 53        |
| <br>  |           |
| <b>5. OFERTAS</b>   | <b>57</b> |
| 5.1. Ofertas rexistradas 2004. Evolución                                | 57        |
| 5.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica                | 58        |
| 5.3. Perfil básico da oferta  | 61        |
| 5.4. Análise ocupacional  | 62        |
| <br>  |           |
| <b>6. CONTRATOS</b>   | <b>67</b> |
| 6.1. O número de contratos no ámbito provincial                         | 67        |
| 6.2. Distribución da contratación segundo o sexo e a idade              | 68        |
| 6.3. A contratación segundo os sectores económicos                      | 71        |
| 6.4. A tipoloxía da contratación laboral                                | 75        |
| 6.5. Os grandes grupos de ocupacións na contratación                    | 78        |
| 6.6. As ocupacións máis contratadas                                     | 81        |







## 1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa e que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso idear un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, do tecido empresarial e do tecido laboral, da oferta, da demanda e da contratación da forza de traballo.

Ese é o propósito deste informe, que confiamos en que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade do mercado de traballo e chegar así a poder intervir no proceso de equilibrio laboral.

O informe do mercado laboral foi elaborado polo **Observatorio das Ocupacións**, servizo do Instituto Galego das Cualificacións, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao Servizo Público de Emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como misión principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para deseñar as políticas de Formación Profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Como antecedentes aparecen os informes do mercado laboral no ámbito comarcal, publicados cunha periodicidade anual polo Instituto Galego das Cualificacións. Este estudo presenta o adianto dos datos (2004) do total do territorio da Comunidade Autónoma, que serve como anticipo do estudo desagregado por comarcas para o mesmo ano que se publicará con posterioridade, dado que se analizan 53 territorios, o que supón un arduo labor. Pretendemos deste xeito proporcionar información que non quede obsoleta.

Os **obxectivos** fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes:

Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade Autónoma galega, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

Mostrar a evolución temporal experimentada en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa idoneidade ou a súa dispoñibilidade.

Permitir, á súa vez, a comparación entre cada unha das catro provincias galegas.

Estes tres obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

### **1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información**

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é consecuencia dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

Determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.

Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.



### □□□ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación en que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento desde o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe.

A información utilizada neste apartado procede da enquisa de poboación activa, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse en non reproducila para non ser reiterativos.

### □□□ 1.1.2.- Tecido empresarial

Neste apartado resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos estruturados segundo dous epígrafes: un dedicado á situación actual das citadas variables e outro sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.



Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo o epígrafe de "traballadores", os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar discontinuos. Así, os autónomos inclúen só aos traballadores pertencentes a este réxime especial.

### □□□ 1.1.3.- Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. No eido da economía, oferta e demanda utilízanse de forma contraria ao ámbito dos profesionais relacionados coa Consellaría de Asuntos Sociais. Deste xeito, para a maior parte dos estudos económicos as demandas interprétanse igual que as ofertas para os técnicos da Administración, e viceversa. Convén aclarar, polo tanto, que neste documento se adopta, loxicamente, a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á introdución voluntaria nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia do currículo dun traballador, sexa ou non parado estrito, para solicitar destes órganos unha intermediación de cara ao emprego; e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos deman-

dantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Dentro dos demandantes distinguimos entre parados e non parados. O colectivo de parados refírese exclusivamente ao paro rexistrado, entendendo por este o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo INEM existente o último día de cada mes, excluíndo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo da demanda provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros. Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

#### □□□ 1.1.4.- Ofertas

Estúdanse neste apartado as ofertas de emprego, entendidas como aquelas peticións de currículos por parte das entidades empresariais rexistradas en todos os ámbitos do Servizo Público de Emprego de Galicia, que inclúe tanto as ofertas rexistradas nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación .

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

- Ofertas rexistradas-2004. Evolución: Estudo do reparto das ofertas entre as catro provincias da Comunidade Autónoma, reflectindo tanto as rexistradas nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego do

Servizo Galego de Colocación. Analízase tamén a evolución das ofertas no período comprendido entre 2000 e 2004.

□ □ Ofertas segundo os sectores de actividade económica: Reflicte o reparto da totalidade das ofertas por provincias e sectores económicos, así como a súa evolución (2000/2004).

□ □ Perfil básico das ofertas:

□ **SEXO:** Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación e consideran ese requisito como unha característica que se debe considerar á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se reflicten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego desta Comunidade.

□ **NIVEIS ACADÉMICOS:** Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

□ □ Análise ocupacional:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do Servizo Galego de Colocación nos últimos cinco anos.

Tamén se mostran as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego do Servizo Galego de Colocación nos tres últimos anos.

### □ □ □ 1.1.5.- Contratos

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2004, utilizando para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización inclúe seis apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2000 ao 2004.

## 1.2.- Definicións e taxas

As taxas utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100.

É dicir, a variación entre os anos 2003/2004 obteríase do seguinte xeito <sup>(1)</sup>:

$$\% \text{ Var. interanual}_{03-04} = \frac{O_{04} - O_{03}}{O_{03}} \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos  $O_{2004}$  e  $O_{2000}$  ao número de ofertas nos anos 2004 e 2000, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte <sup>(2)</sup>:

$$\% \text{ VMA} = \left[ \sqrt[4]{\frac{O_{2004}}{O_{2000}}} - 1 \right] \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso  $5-1=4$ , o que implica unha *raíz cuarta*)

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados.

### Clasificación das ramas de actividade económica:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93 con varios niveis de desagregación ad hoc.

<sup>(1)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

<sup>(2)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

| sector económico | subsector económico   |
|------------------|---|
| PRIMARIO         | Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca   |
| SECUNDARIO       | Industria<br>Electricidade, gas e auga  |
| CONSTRUCCIÓN     | Construción   |
| SERVIZOS         | Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico<br>Transporte, almacenamento e comunicacións<br>Outros servizos |

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntanse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Elabóranse tamén gráficos circulares na industria e nos servizos cunha desagregación maior cá sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións ad hoc elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

| <b>código CNAE</b> | <b>descrición das divisións CNAE</b>   | <b>subseccións ad hoc na industria</b>         |
|--------------------|--|--|
| 10                 | extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba                           |  |
| 11                 | extracción de crus de petróleo e gas natural   | OUTRAS INDUSTRIAS                              |
| 12                 | extracción de minerais de uranio e torio   |  |
| 13                 | extracción de minerais metálicos   |  |
| 14                 | extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos                                     |  |
| 15                 | industria de produtos alimentarios e bebidas   |  |
| 17                 | industria téxtil   | TÉXTEL E CONFECCIÓN                            |
| 18                 | industria da confección e da peletaría   |  |
| 19                 | preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe | OUTRAS INDUSTRIAS                              |
| 20                 | industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría                    | MADEIRA  |
| 21                 | industria do papel   |  |
| 22                 | edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados                               |  |
| 23                 | coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares                     | OUTRAS INDUSTRIAS                              |
| 24                 | industria química  |  |
| 25                 | fabricación de produtos de caucho e materias plásticas                                   |  |
| 26                 | fabricación doutros produtos minerais non metálicos                                      | FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS |

| <b>código CNAE</b> | <b>descripción das divisións CNAE</b>  | <b>subseccións ad hoc na industria</b>         |
|--------------------|--|--|
| 27                 | metalurxia   | METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS |
| 28                 | fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo                                |  |
| 29                 | industria da construción de maquinaria e equipo mecánico                                   | OUTRAS INDUSTRIAS                              |
| 30                 | fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos                                  |  |
| 31                 | fabricación de maquinaria e material eléctrico   |  |
| 32                 | fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio            |  |
| 33                 | fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxaía   |  |
| 34                 | fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques                              | FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE             |
| 35                 | fabricación doutro material de transporte  | OUTRAS INDUSTRIAS                              |
| 36                 | fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras                                   |  |
| 37                 | reciclaxe  |  |
| 50                 | venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores          | SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN                         |
| 51                 | comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas | COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN                    |
| 52                 | comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores      |  |
| 55                 | hostalaría   | HOSTALARÍA                                     |
| 60                 | transporte terrestre; transporte por tubos   | TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS                     |
| 61                 | transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores                       |  |
| 62                 | transporte aéreo e espacial  |  |
| 63                 | actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes                      |  |
| 64                 | correos e telecomunicacións  |  |



| <b>código CNAE</b> | <b>descrición das divisións CNAE</b>  | <b>subseccións ad hoc nos servizos</b> |
|--------------------|---|--|
| 65                 | intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións                                 |  |
| 66                 | seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria                             | OUTROS SERVIZOS                        |
| 67                 | actividades auxiliares da intermediación financeira   |  |
| 70                 | actividades inmobiliarias   |  |
| 71                 | alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos | ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E            |
| 72                 | actividades informáticas  | SERVIZOS                               |
| 73                 | investigación e desenvolvemento   | EMPRESARIAIS                           |
| 74                 | outras actividades empresariais   |  |
| 75                 | administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria                             | AA.PP.                                 |
| 80                 | educación   | EDUCACIÓN                              |
| 85                 | actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais                                     | SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS            |
| 90                 | actividades de saneamento público   |  |
| 91                 | actividades asociativas   | SERVIZOS                               |
| 92                 | actividades recreativas, culturais e deportivas   | Á COMUNIDADE                           |
| 93                 | actividades diversas de servizos persoais   |  |
| 95                 | fogares que empregan persoal doméstico  | OUTROS SERVIZOS                        |
| 99                 | organismos extraterritoriais  |  |







## 2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DE GALICIA

### 2.1. Poboación activa

**Poboación activa de Galicia. Evolución. Datos absolutos (en miles). Variación media**

| idade        | sexo            | 1999            | 2000            | 2001            | 2002            | 2003           | 2004            | variación media % |
|--------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|----------------|-----------------|-------------------|
| 16 a 19      | homes           | 17,43           | 20,52           | 16,03           | 15,40           | 15,10          | 12,73           | -6,10             |
|              | mulleres        | 9,71            | 9,21            | 8,57            | 8,01            | 7,75           | 4,63            | -13,79            |
|              | <b>total</b>    | <b>27,14</b>    | <b>29,73</b>    | <b>24,60</b>    | <b>23,41</b>    | <b>22,86</b>   | <b>17,35</b>    | <b>-8,56</b>      |
| 20 a 24      | homes           | 66,02           | 66,93           | 64,29           | 62,12           | 62,46          | 62,35           | -1,14             |
|              | mulleres        | 53,84           | 55,55           | 45,82           | 45,65           | 50,21          | 51,30           | -0,96             |
|              | <b>total</b>    | <b>119,86</b>   | <b>122,47</b>   | <b>110,11</b>   | <b>107,77</b>   | <b>112,68</b>  | <b>113,65</b>   | <b>-1,06</b>      |
| 25 a 54      | homes           | 520,76          | 529,26          | 524,32          | 536,19          | 550,61         | 556,43          | 1,33              |
|              | mulleres        | 372,17          | 388,59          | 381,25          | 401,25          | 425,80         | 447,55          | 3,76              |
|              | <b>total</b>    | <b>892,92</b>   | <b>917,85</b>   | <b>905,57</b>   | <b>937,44</b>   | <b>976,40</b>  | <b>1.003,98</b> | <b>2,37</b>       |
| 55 e máis    | homes           | 82,78           | 84,65           | 88,74           | 90,85           | 91,28          | 94,80           | 2,75              |
|              | mulleres        | 59,68           | 62,81           | 65,48           | 61,03           | 61,97          | 64,85           | 1,67              |
|              | <b>total</b>    | <b>142,46</b>   | <b>147,46</b>   | <b>154,22</b>   | <b>151,88</b>   | <b>153,25</b>  | <b>159,65</b>   | <b>2,30</b>       |
| <b>TOTAL</b> | <b>homes</b>    | <b>686,98</b>   | <b>701,35</b>   | <b>693,38</b>   | <b>704,56</b>   | <b>719,46</b>  | <b>726,28</b>   | <b>1,12</b>       |
|              | <b>mulleres</b> | <b>495,40</b>   | <b>516,16</b>   | <b>501,11</b>   | <b>515,93</b>   | <b>545,73</b>  | <b>568,35</b>   | <b>2,79</b>       |
|              | <b>total</b>    | <b>1.182,38</b> | <b>1.217,51</b> | <b>1.194,49</b> | <b>1.220,49</b> | <b>1265,18</b> | <b>1.294,63</b> | <b>1,83</b>       |

Táboa 1.

Se observamos os datos de poboación total do ano 2004 da nosa Comunidade Autónoma (2.386.650) por sexo, observamos que o número de mulleres (1.249.050) é superior ao de homes (1.137.580); porén, á vista dos datos de poboación activa, son estes os que superan ás mulleres, reflectíndose esta situación nunha diferenza de máis de dezaioito puntos porcentuais. Esta é unha tendencia común a moitos territorios, incluídos europeos, aínda que a nosa taxa de actividade feminina é menor.

Analizando os datos absolutos de poboación activa, observamos que esta aumenta no conxunto de Galicia no ano 2004 en todos os tramos de idade, agás nos menores de 20 anos, onde se dá unha redución importante que pode estar relacionada cunha maior dedicación aos estudos.

O crecemento medio no período é positivo nos grupos de maior idade e negativo nos menores de 25 anos, especialmente nos menores de 20, que presentan unha variación media do -8,56%.


Por sexo, as mulleres presentan un crecemento medio inferior aos homes, excepto nos grupos de 25 a 54 e de 20 a 24 anos, aínda que no conxunto da Comunidade o seu crecemento é o maior. A variación media feminina é negativa nas menores de 25, chegando as de 16 a 19 anos a unha taxa do -13,79.

### Evolución da taxa de actividade por sexo (%)

| sexo         | 1999         | 2000         | 2001         | 2002         | 2003         | 2004         | variación media % |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------------|
| HOMES        | 61,93        | 62,75        | 61,53        | 62,24        | 63,36        | 63,84        | 0,61              |
| MULLERES     | 40,78        | 42,17        | 40,62        | 41,60        | 43,82        | 45,50        | 2,22              |
| <b>TOTAL</b> | <b>50,87</b> | <b>51,99</b> | <b>50,61</b> | <b>51,45</b> | <b>53,14</b> | <b>54,24</b> | <b>1,29</b>       |

Táboa 2.

### Evolución da taxa de actividade por sexo



As taxa de actividade crecen de forma continuada nos anos de referencia para os dous sexos, coa excepción do ano 2001, en que ambas as dúas diminúen.

Aínda que as mulleres recollen taxas de actividades máis baixas que os homes todos os anos, as liñas de evolución destas vanse achegando conforme se avanza no período. Se en 1999 a taxa feminina estaba 21,15 puntos porcentuais por baixo, en 2004 redúcese a 18,34%, o que se traduce nun crecemento medio (v.m. 2,22%) superior ao dos homes (0,61%).

### Evolución da taxa de actividade por idade (%)

| idade        | 1999         | 2000         | 2001         | 2002         | 2003         | 2004         | variación media % |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------------|
| 16 - 19      | 18,20        | 21,06        | 18,42        | 18,58        | 19,23        | 15,44        | -3,23             |
| 20 - 24      | 54,43        | 56,28        | 51,73        | 52,62        | 57,62        | 61,25        | 2,39              |
| 25 - 54      | 78,38        | 79,19        | 76,66        | 78,18        | 80,35        | 81,68        | 0,83              |
| 55 e máis    | 17,46        | 17,90        | 18,52        | 18,03        | 18,00        | 18,57        | 1,24              |
| <b>TOTAL</b> | <b>50,87</b> | <b>51,99</b> | <b>50,61</b> | <b>51,45</b> | <b>53,14</b> | <b>54,24</b> | <b>1,29</b>       |


Táboa 3.

As taxas de actividade en función da idade presentan un crecemento medio positivo en todos os tramos de idade excepto no grupo de menos de 20 anos, aínda que con cifras moi modestas de crecemento, aparecendo a máis elevada no grupo de 20 a 24 anos. Polo que respecta a este colectivo, cómpre sinalar que fronte ao crecemento medio negativo que recollen os seus datos absolutos, a variación media das súas taxas de actividade é positiva, debido a que, aínda que diminúe a poboación activa, tamén o fai a total para este tramo de idade.

O grupo de idade máis representativo, de 25 a 54 anos, é o que mantén as taxas máis elevadas en todos os anos, seguido do grupo de 20 a 24.

Tanto para o conxunto de Galicia como para os tramos de idade comprendidos entre 20 e 54 anos, a excepción do ano 2001, no que hai un descenso, no resto dos anos séguese unha tendencia ascendente. Os outros dous colectivos oscilan na súa evolución.

### Evolución da taxa de actividade por idade





## 2.2. Poboación ocupada

### Poboación ocupada de Galicia. Evolución. Datos absolutos. Variación media

| sectores     | sexo         | 1999          | 2000           | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           | variación media % |
|--------------|--------------|---------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|-------------------|
| PRIMARIO     | homes        | 88,38         | 90,04          | 85,80          | 76,04          | 71,75          | 66,83          | -5,44             |
|              | mulleres     | 83,47         | 84,62          | 72,52          | 62,07          | 64,98          | 59,15          | -6,66             |
|              | <b>total</b> | <b>171,85</b> | <b>174,65</b>  | <b>158,32</b>  | <b>138,10</b>  | <b>136,73</b>  | <b>125,98</b>  | <b>-6,02</b>      |
| CONSTRUCCIÓN | homes        | 109,24        | 118,41         | 124,16         | 127,67         | 124,82         | 126,93         | 3,05              |
|              | mulleres     | 3,57          | 5,35           | 6,13           | 5,72           | 4,62           | 7,75           | 16,80             |
|              | <b>total</b> | <b>112,80</b> | <b>123,76</b>  | <b>130,29</b>  | <b>133,39</b>  | <b>129,44</b>  | <b>134,68</b>  | <b>3,61</b>       |
| SECUNDARIO   | homes        | 134,53        | 135,08         | 147,58         | 152,14         | 156,77         | 155,13         | 2,89              |
|              | mulleres     | 45,79         | 51,07          | 58,96          | 65,95          | 57,81          | 60,33          | 5,67              |
|              | <b>total</b> | <b>180,32</b> | <b>186,16</b>  | <b>206,54</b>  | <b>218,09</b>  | <b>214,58</b>  | <b>215,45</b>  | <b>3,62</b>       |
| SERVIZOS     | homes        | 276,13        | 285,56         | 282,19         | 290,93         | 306,42         | 311,93         | 2,47              |
|              | mulleres     | 247,44        | 265,28         | 285,37         | 291,68         | 318,26         | 332,30         | 6,07              |
|              | <b>total</b> | <b>523,57</b> | <b>550,84</b>  | <b>567,56</b>  | <b>582,61</b>  | <b>624,68</b>  | <b>644,23</b>  | <b>4,23</b>       |
| <b>TOTAL</b> | homes        | 608,28        | 629,08         | 639,73         | 646,78         | 659,76         | 660,80         | 1,67              |
|              | mulleres     | 380,26        | 406,32         | 422,98         | 425,41         | 445,66         | 459,53         | 3,86              |
|              | <b>total</b> | <b>988,54</b> | <b>1035,41</b> | <b>1062,71</b> | <b>1072,19</b> | <b>1105,42</b> | <b>1120,33</b> | <b>2,53</b>       |

Táboa 4.

O aumento da poboación ocupada na Comunidade Autónoma de Galicia ascende entre 1999 e 2004 aproximadamente a 131.790 persoas e obtén como valor resumo do período unha variación media do 2,53%.

Os maiores niveis de crecemento experimentáanse no sector cuantitativamente máis importante, o de servizos, que acada unha variación media do 4,23%, medrando todos os anos. A continuación, e cun crecemento medio similar, sitúanse os sectores secundarios e da construción, que, malia o descenso experimentado no ano 2003, logran unhas variacións medias do 3,62% e 3,61% respectivamente. O único sector que decrece é o primario, presentando unha diminución continuada nos seus ocupados nos últimos catro anos, o que se traduce nunha variación media do -6,02%.

En números absolutos, as mulleres ocupadas son menos que os homes en todos os sectores (especialmente no secundario e na construción) excepto nos servizos, onde superan aos homes a partir do ano 2001. Porén, o seu crecemento medio é superior tamén en todos, coa excepción do primario, onde a diminución tanto de ocupados como de ocupadas é continuada nos últimos anos, sendo por tanto negativo o seu crecemento medio (-5,44% e -6,66% respectivamente).

### Evolución da taxa de ocupación por sexo (%)


| sexo         | 1999         | 2000         | 2001         | 2002         | 2003         | 2004         | variación media % |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------------|
| HOMES        | 54,83        | 56,28        | 56,77        | 57,14        | 58,10        | 58,09        | 1,16              |
| MULLERES     | 31,30        | 33,20        | 34,29        | 34,30        | 35,79        | 36,79        | 3,29              |
| <b>TOTAL</b> | <b>42,53</b> | <b>44,22</b> | <b>45,02</b> | <b>45,20</b> | <b>46,43</b> | <b>46,94</b> | <b>1,99</b>       |

Táboa 5.

Un dato importante é que o crecemento da poboación ocupada feminina (3,29%) é maior que o da masculina (1,16%) para o conxunto do período.

Aínda que as taxas de ocupación dos homes son maiores en todos os anos, o maior crecemento das mulleres ocupadas fai que a distancia entre os colectivos se vaia acurtando ao longo dos anos, excepto no 2002, en que a distancia entre ambos aumenta lixeiramente con respecto ao ano anterior.

### Evolución da taxa de ocupación por sexo



## 2.3. Poboación parada

**Poboación parada de Galicia. Evolución. Datos absolutos (en miles). Variación media**

| idade        | sexo            | 1999          | 2000          | 2001          | 2002          | 2003          | 2004          | variación media |
|--------------|-----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|-----------------|
| 16 a 19      | homes           | 4,55          | 5,39          | 4,19          | 4,21          | 3,41          | 2,78          | -9,41           |
|              | mulleres        | 4,44          | 4,10          | 2,94          | 2,37          | 2,56          | 2,15          | -13,49          |
|              | <b>total</b>    | <b>8,99</b>   | <b>9,49</b>   | <b>7,12</b>   | <b>6,57</b>   | <b>5,97</b>   | <b>4,93</b>   | <b>-11,33</b>   |
| 20 a 24      | homes           | 14,47         | 12,19         | 10,49         | 10,32         | 10,86         | 11,60         | -4,32           |
|              | mulleres        | 22,31         | 22,11         | 15,22         | 15,41         | 18,78         | 17,45         | -4,79           |
|              | <b>total</b>    | <b>36,77</b>  | <b>34,30</b>  | <b>25,70</b>  | <b>25,73</b>  | <b>29,63</b>  | <b>29,05</b>  | <b>-4,61</b>    |
| 25 a 54      | homes           | 52,51         | 46,95         | 34,21         | 38,20         | 41,01         | 43,88         | -3,53           |
|              | mulleres        | 84,83         | 79,69         | 57,37         | 70,16         | 73,91         | 84,00         | -0,20           |
|              | <b>total</b>    | <b>137,34</b> | <b>126,63</b> | <b>91,57</b>  | <b>108,36</b> | <b>114,92</b> | <b>127,88</b> | <b>-1,42</b>    |
| 55 e máis    | homes           | 7,19          | 7,75          | 4,77          | 5,06          | 4,43          | 7,18          | -0,03           |
|              | mulleres        | 3,57          | 3,95          | 2,61          | 2,59          | 4,81          | 5,30          | 8,24            |
|              | <b>total</b>    | <b>10,76</b>  | <b>11,70</b>  | <b>7,38</b>   | <b>7,65</b>   | <b>9,24</b>   | <b>12,48</b>  | <b>3,01</b>     |
| <b>TOTAL</b> | <b>homes</b>    | <b>78,71</b>  | <b>72,27</b>  | <b>53,65</b>  | <b>57,78</b>  | <b>59,71</b>  | <b>65,43</b>  | <b>-3,53</b>    |
|              | <b>mulleres</b> | <b>115,14</b> | <b>109,84</b> | <b>78,13</b>  | <b>90,52</b>  | <b>100,06</b> | <b>108,90</b> | <b>-1,11</b>    |
|              | <b>total</b>    | <b>193,86</b> | <b>182,11</b> | <b>131,78</b> | <b>148,30</b> | <b>159,77</b> | <b>174,33</b> | <b>-2,10</b>    |

Táboa 6.

O conxunto da poboación parada da Comunidade Autónoma redúcese no conxunto do período en 19.530 persoas, o que supón unha variación media do -2,10%. É importante sinalar que a partir do ano 2001, en que acadan o seu valor máis baixo, o número de parados volve a aumentar fortemente, invertendo a tendencia decrecente seguida ata ese momento.

Por idades observamos que os parados de entre 16 e 19 anos aumentan no ano 2000 e diminúen de forma continuada no resto do período analizado, acadando unha diminución importante no conxunto do período (v.m. -11,33%). Os outros colectivos reflicten unha ten-

dencia similar á do conxunto de Galicia; acadan o menor número de parados no 2001 e aumentan nos anos sucesivos, presentando tamén, non obstante, unha redución no conxunto do período, salvo nos maiores de 55 anos, no que o paro aumenta (v.m. 3,01%).


As paradas superan aos parados nos colectivos de entre 20 e 24 e entre 25 e 54 anos. Porén, os homes son máis numerosos nos dous grupos restantes, grupos nos que a taxa de actividade masculina é tamén moi superior á feminina. No conxunto do período, o número de paradas diminúe de forma importante nos dous grupos de idade máis baixa, mantense estable no grupo de 25 a 54 e aumenta significativamente nas de máis de 55 anos.

### Evolución da taxa de paro por sexo (%)

| sexo         | 1999         | 2000         | 2001         | 2002         | 2003         | 2004         | variación media |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|
| HOMES        | 11,46        | 10,30        | 7,74         | 8,20         | 8,30         | 9,01         | -4,70           |
| MULLERES     | 23,24        | 21,28        | 15,59        | 17,54        | 18,33        | 19,16        | -3,79           |
| <b>TOTAL</b> | <b>16,40</b> | <b>14,96</b> | <b>11,03</b> | <b>12,15</b> | <b>12,63</b> | <b>13,47</b> | <b>-3,87</b>    |

Táboa 7.

### Evolución da taxa de paro por sexo



A diminución da poboación ocupada feminina (-3,79%) é menor que a da masculina (-4,70%) para o conxunto do período.

As liñas mostran claramente o 2001 como o ano con menor paro e o posterior aumento deste, especialmente nas mulleres, aínda que sen chegar aos niveis iniciais.

### Evolución da taxa de paro por idade (%)

| idade        | 1999         | 2000         | 2001         | 2002         | 2003         | 2004         | variación media |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|
| 16 - 19      | 33,11        | 31,91        | 28,95        | 28,07        | 26,12        | 28,39        | -3,03           |
| 20 - 24      | 30,68        | 28,00        | 23,34        | 23,88        | 26,30        | 25,56        | -3,59           |
| 25 - 54      | 15,38        | 13,80        | 10,11        | 11,56        | 11,77        | 12,74        | -3,70           |
| 55 e máis    | 7,55         | 7,93         | 4,79         | 5,03         | 6,03         | 7,81         | 0,69            |
| <b>TOTAL</b> | <b>16,40</b> | <b>14,96</b> | <b>11,03</b> | <b>12,15</b> | <b>12,63</b> | <b>13,47</b> | <b>-3,87</b>    |

Táboa 8.

As taxas de paro en función da idade decrecen no conxunto do período, excepto no grupo de máis de 54 anos, nos que aumentan lixeiramente (v.m. 0,69%).

O grupo de idade de 16 a 19 anos é o que mantén as taxas máis elevadas en todos os anos, seguido do grupo de 20 a 24.









### 3. TECIDO EMPRESARIAL

#### 3.1. Tecido produtivo de Galicia. Situación actual

##### Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2004

|                | empresas       | traballadores  | autónomos      |
|----------------|----------------|----------------|----------------|
| A CORUÑA       | 44.183         | 327.636        | 72.167         |
| LUGO           | 14.723         | 100.575        | 22.677         |
| OURENSE        | 12.983         | 79.833         | 23.437         |
| PONTEVEDRA     | 40.326         | 280.279        | 60.661         |
| <b>GALICIA</b> | <b>112.215</b> | <b>788.323</b> | <b>178.942</b> |

Táboa 9.

A cifras que conforman o tecido produtivo galego concéntrase nas provincias da Coruña e Pontevedra, que acaparan entre as dúas arredor do 75% das empresas, traballadores e autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 3.2. Evolución das principais variables do tecido produtivo

##### Evolución do número de empresas (2000/2004)

| Ámbito territorial | N.º de empresas |                |                |                |                |
|--------------------|-----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
|                    | 2000            | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
| A CORUÑA           | 40.405          | 41.588         | 41.872         | 42.399         | 44.183         |
| LUGO               | 14.879          | 15.247         | 15.149         | 13.923         | 14.723         |
| OURENSE            | 12.417          | 12.851         | 12.899         | 12.535         | 12.983         |
| PONTEVEDRA         | 36.296          | 37.298         | 38.194         | 38.982         | 40.326         |
| <b>GALICIA</b>     | <b>103.997</b>  | <b>106.984</b> | <b>108.114</b> | <b>107.839</b> | <b>112.215</b> |

Táboa 10.

O número de empresas aumenta no conxunto dos anos analizados para a totalidade da Comunidade Autónoma e para todas as provincias excepto para Lugo, onde se obtén un crecemento medio no conxunto do período do -0,26%.

O crecemento é continuado en todos os anos para as provincias da Coruña e Pontevedra, que obteñen ademais o crecemento medio máis elevado. Ourense, e Galicia no seu conxunto, reflicten tamén unha tendencia ao crecemento continuada, excepto entre o ano 2002 e 2003, onde o número de empresas diminúe. Por último, en Lugo obsérvase un decrecemento nos anos intermedios e un aumento nos outros dous.

### Evolución do número de traballadores (2000/2004)

| Ámbito territorial | N.º de traballadores |                |                |                |                |
|--------------------|----------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
|                    | 2000                 | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
| A CORUÑA           | 292.386              | 304.704        | 310.577        | 316.311        | 327.636        |
| LUGO               | 95.781               | 97.996         | 98.636         | 99.418         | 100.575        |
| OURENSE            | 74.784               | 78.076         | 77.993         | 78.342         | 79.833         |
| PONTEVEDRA         | 250.098              | 260.190        | 268.494        | 273.668        | 280.279        |
| <b>GALICIA</b>     | <b>713.049</b>       | <b>740.966</b> | <b>755.700</b> | <b>767.739</b> | <b>788.323</b> |

Táboa 11.

O número de traballadores aumenta para o conxunto no período, tanto nas provincias –especialmente na Coruña e Pontevedra– como na Comunidade Autónoma.

Ademais, crecen de forma continuada todos os anos en todos os territorios, excepto na provincia de Ourense no intervalo 2001/02, onde diminúen lixeiramente.

### Evolución do número de autónomos (2000/2004)

| Ámbito territorial | N.º de autónomos |                |                |                |                |
|--------------------|------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
|                    | 2000             | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
| A CORUÑA           | 66.395           | 66.526         | 67.379         | 69.706         | 72.167         |
| LUGO               | 21.456           | 21.421         | 21.216         | 21.871         | 22.677         |
| OURENSE            | 22.661           | 22.442         | 22.616         | 22.854         | 23.437         |
| PONTEVEDRA         | 54.037           | 54.898         | 56.215         | 58.390         | 60.661         |
| <b>GALICIA</b>     | <b>164.549</b>   | <b>165.287</b> | <b>167.426</b> | <b>172.821</b> | <b>178.942</b> |

Táboa 12.

De novo aparece un crecemento dos autónomos no conxunto do período para as provincias e a Comunidade, especialmente tamén nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Entre os anos 2000 e 2001 o número de autónomos diminúe en Lugo e Ourense, aumentando lixeiramente na Coruña e de forma máis importante en Pontevedra. No intervalo seguinte diminúen só na provincia de Lugo e nos anos sucesivos incrementáanse de forma máis significativa nas catro provincias.

### Evolución do número de empresas por sectores económicos (2000/2004)

|                            | Empresas |         |         |         |         |
|----------------------------|----------|---------|---------|---------|---------|
|                            | 2000     | 2001    | 2002    | 2003    | 2004    |
| <b>PRIMARIO</b>            | 8.803    | 8.834   | 7.911   | 4.881   | 6.209   |
| AGRICULTURA E PESCA        | 8.803    | 8.834   | 7.911   | 4.881   | 6.209   |
| <b>SECUNDARIO</b>          | 12.180   | 12.206  | 12.003  | 11.887  | 11.791  |
| INDUSTRIA                  | 12.014   | 12.031  | 11.829  | 11.704  | 11.613  |
| ELECTRICIDADE              | 166      | 175     | 174     | 183     | 178     |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>        | 14.506   | 15.154  | 15.230  | 15.654  | 16.164  |
| CONSTRUCCIÓN               | 14.506   | 15.154  | 15.230  | 15.654  | 16.164  |
| <b>SERVIZOS</b>            | 68.361   | 70.680  | 72.881  | 75.325  | 78.038  |
| COMERCIO E HOSTALARÍA      | 34.348   | 35.291  | 36.034  | 37.046  | 37.892  |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS | 4.869    | 5.073   | 5.264   | 5.380   | 5.654   |
| OUTROS SERVIZOS            | 29.144   | 30.316  | 31.583  | 32.899  | 34.492  |
| <b>SEN CLASIFICACIÓN</b>   | 147      | 110     | 89      | 92      | 13      |
| <b>TOTAL</b>               | 103.997  | 106.984 | 108.114 | 107.839 | 112.215 |


Táboa 13.

No sector primario o número de empresas diminúe de forma continuada e significativa desde o ano 2002 ata o ano 2004, no que se produce unha recuperación importante, aínda que sen chegar ao valor do ano inicial, polo que para o conxunto do período aparece unha variación media do -8,36%.

No secundario observamos un aumento no ano 2001 e unha diminución lixeira pero constante nos anos sucesivos, dando lugar a un crecemento negativo (v.m. -0,81%).

Tanto os servizos como a construción incrementan as súas empresas todos os anos.

### Distribución subsectorial das empresas (2004)



O gráfico mostra o predominio do subsector do sector servizos na distribución das empresas, sinaladamente “comercio e hostalaría” e “outros servizos”, que supoñen conxuntamente o 65% do total de empresas. A continuación, pero a moita distancia, aparecen a construción (14%) e o subsector da industria (10%).

### Evolución do número de traballadores por sectores económicos (2000/2004)

|                            | Traballadores |         |         |         |         |
|----------------------------|---------------|---------|---------|---------|---------|
|                            | 2000          | 2001    | 2002    | 2003    | 2004    |
| <b>PRIMARIO</b>            | 105.727       | 101.270 | 97.754  | 95.872  | 91.939  |
| AGRICULTURA E PESCA        | 105.727       | 101.270 | 97.754  | 95.872  | 91.939  |
| <b>SECUNDARIO</b>          | 137.375       | 140.869 | 143.584 | 142.527 | 143.409 |
| INDUSTRIA                  | 132.699       | 136.234 | 138.973 | 138.074 | 139.120 |
| ELECTRICIDADE              | 4.676         | 4.635   | 4.611   | 4.453   | 4.289   |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>        | 77.547        | 83.853  | 85.377  | 86.229  | 89.912  |
| CONSTRUCCIÓN               | 77.547        | 83.853  | 85.377  | 86.229  | 89.912  |
| <b>SERVIZOS</b>            | 392.193       | 414.783 | 428.822 | 442.943 | 463.023 |
| COMERCIO E HOSTALARÍA      | 135.254       | 141.031 | 147.776 | 153.120 | 159.342 |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS | 31.042        | 33.251  | 34.493  | 34.496  | 35.611  |
| OUTROS SERVIZOS            | 225.897       | 240.501 | 246.553 | 255.327 | 268.070 |
| <b>SEN CLASIFICACIÓN</b>   | 207           | 191     | 163     | 168     | 40      |
| <b>TOTAL</b>               | 713.049       | 740.966 | 755.700 | 767.739 | 788.323 |


Táboa 14.

O número de traballadores aumenta no período analizado, tanto no conxunto de Galicia como para cada un dos sectores, coa excepción do sector primario, onde a diminución continuada destes ao longo de todos os anos dá lugar a un crecemento negativo do -3,43%.

No sector secundario o aumento é continuo en todos os anos, excepto no 2003, no que se observa unha lixeira diminución; non obstante, obtén unha variación media positiva.

Por último, tanto os servizos como a construción incrementan os seus traballadores todos os anos, igual que sucede no conxunto da Comunidade Autónoma, debido, fundamentalmente, ao maior peso específico destes dous sectores.

#### Distribución subsectorial dos traballadores (2004)



Polo que respecta ao número de traballadores, aínda que outros servizos (33%) e comercio e hostalaría (20%) seguen ocupando, tal e como sucedía coas empresas, as primeiras posicións, o seu peso sobre o total é menor. En terceiro lugar aparece a industria (18%), seguida por agricultura e pesca (12%), que se sitúa por diante da construción (11%).


**Evolución do número de autónomos por sectores económicos (2000/2004)**

|                            | Autónomos |         |         |         |         |
|----------------------------|-----------|---------|---------|---------|---------|
|                            | 2000      | 2001    | 2002    | 2003    | 2004    |
| <b>PRIMARIO</b>            | 2.066     | 2.248   | 2.479   | 2.799   | 3.060   |
| AGRICULTURA E PESCA        | 2.066     | 2.248   | 2.479   | 2.799   | 3.060   |
| <b>SECUNDARIO</b>          | 16.312    | 16.287  | 16.089  | 16.203  | 16.323  |
| INDUSTRIA                  | 16.249    | 16.223  | 16.026  | 16.140  | 16.264  |
| ELECTRICIDADE              | 63        | 64      | 63      | 63      | 59      |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>        | 24.147    | 25.161  | 26.035  | 27.430  | 28.931  |
| CONSTRUCCIÓN               | 24.147    | 25.161  | 26.035  | 27.430  | 28.931  |
| <b>SECTOR SERVIZOS</b>     | 120.570   | 121.303 | 122.558 | 126.140 | 130.395 |
| COMERCIO E HOSTALARÍA      | 80.913    | 80.865  | 80.943  | 82.464  | 83.974  |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS | 12.742    | 12.609  | 12.525  | 12.565  | 12.699  |
| OUTROS SERVIZOS            | 26.915    | 27.829  | 29.090  | 31.111  | 33.722  |
| <b>SEN CLASIFICACIÓN</b>   | 1.454     | 288     | 265     | 249     | 233     |
| <b>TOTAL</b>               | 164.549   | 165.287 | 167.426 | 172.821 | 178.942 |

Táboa 15.

No sector secundario o número de autónomos mantense practicamente estable no conxunto do período, reflectindo lixeiros aumentos e diminucións ao longo dos cinco anos analizados.

O resto dos sectores aumentan de forma continuada todos os anos, presentando variacións medias anuais positivas, especialmente o sector primario (v.m. 10,32%) e a construción (4,62%), que se sitúan moi por encima da variación media do conxunto da Comunidade Autónoma (2,12%).

**Distribución subsectorial dos autónomos (2004)**

Case a metade dos autónomos de Galicia (47%) se agrupan en comercio e hostalaría, seguido de outros servizos (19%). A construción, co 16%, ocupa o terceiro lugar e xa a moita distancia aparece o subsector da industria (9%).









## 4. DEMANDAS

### 4.1. Demandantes rexistrados nas provincias galegas

#### Distribución do número de demandantes no ámbito provincial

| Provincia      | parados        | non parados   | total demandantes |
|----------------|----------------|---------------|-------------------|
| A CORUÑA       | 63.878         | 29.827        | 93.705            |
| LUGO           | 16.048         | 8.374         | 24.422            |
| OURENSE        | 18.321         | 10.089        | 28.410            |
| PONTEVEDRA     | 56.114         | 27.549        | 83.663            |
| <b>GALICIA</b> | <b>154.361</b> | <b>75.839</b> | <b>230.200</b>    |


Táboa 16.

#### TAXA DE COBERTURA: 49,50 %

As provincias da Coruña e Pontevedra recollen algo máis das tres cuartas partes do total dos demandantes de emprego de Galicia. O número de parados total duplica ao de non parados.

Os desempregados que cobran prestacións (taxa de cobertura) supoñen un 49,50% do total dos demandantes parados de Galicia.

A continuación móstrase graficamente:

**Demandantes Galicia/2004****4.2. Demandantes parados. Evolución****Evolución do número de demandantes (2000/2004)**


| Provincia      | N.º de demandantes |                  |                  |                  |                  |
|----------------|--------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
|                | 2000               | 2001             | 2002             | 2003             | 2004             |
| A CORUÑA       | 59.817             | 58.225           | 64.019           | 66.035           | 63.878           |
| LUGO           | 14.878             | 14.344           | 15.572           | 16.496           | 16.048           |
| OURENSE        | 17.663             | 16.723           | 18.214           | 18.439           | 18.321           |
| PONTEVEDRA     | 49.858             | 49.062           | 53.210           | 56.367           | 56.114           |
| <b>GALICIA</b> | <b>142.216</b>     | <b>138.354</b>   | <b>151.015</b>   | <b>157.337</b>   | <b>154.361</b>   |
| <b>ESPAÑA</b>  | <b>1.556.382</b>   | <b>1.574.844</b> | <b>1.688.068</b> | <b>1.711.487</b> | <b>1.670.290</b> |

Táboa 17.

O número de demandantes parados experimenta un comportamento similar nas catro provincias galegas: diminúe nos intervalos 2000-01 e 2003-04 e aumenta de forma importante nos outros intervalos, especialmente no 2001-02, onde se recollen as variacións interanuais máis altas, destacando a da provincia da Coruña (9,95%).

O crecemento medio dos demandantes parados é positivo, tal e como mostran as variacións anuais acadadas, especialmente na provincia de Pontevedra (v.m. 3%), que supera incluso o resultado global da Comunidade Autónoma (v.m. 2,07%), que á súa vez presenta un incremento medio maior que o do Estado (1,78%), onde o paro aumenta todos os anos analizados, agás no último.

Nos seguintes gráficos móstrase a evolución que experimentan os demandantes parados no ámbito de Galicia e no conxunto do Estado, no período comprendido entre o ano 2000 e o 2004:



### 4.3. Demandantes por situación laboral

#### Situación laboral dos demandantes

| situación dos demandantes |   | n.º            |
|---------------------------|---|----------------|
| PARADOS                   | Sen emprego anterior dispoñibilidade inmediata      | 26.618         |
|                           | Con emprego anterior dispoñibilidade inmediata      | 129.743        |
| NON PARADOS               | Con emprego a tempo parcial e prestación compatible | 12.257         |
|                           | Con emprego anterior dispoñibilidade inmediata      | 29.425         |
|                           | Demandantes de emprego de menos de 20 horas         | 5.790          |
|                           | Demandantes de mellora de emprego                   | 14.557         |
|                           | En expediente de regulación de emprego              | 3.467          |
|                           | Resto demandantes                                   | 1.057          |
|                           | Sen emprego anterior dispoñibilidade inmediata      | 9.286          |
| <b>TOTAL</b>              |   | <b>230.200</b> |

Táboa 18.

Algo máis da metade dos demandantes son parados con emprego anterior (56,36%). A continuación, pero a moita distancia, séguenlles en orde de importancia os colectivos de non parados con emprego anterior (12,78%) e de parados sen emprego anterior (10,69%).

### 4.4. Demandantes por sexo e grupos de idade

#### Demandantes parados por sexo e grupos de idade

| grupos de idade      | homes         | mulleres      | total          |
|----------------------|---------------|---------------|----------------|
| menos de 26 anos     | 10.999        | 14.108        | 25.107         |
| de 26 a 35 anos      | 16.589        | 28.611        | 45.200         |
| de 36 a 45 anos      | 11.854        | 22.331        | 34.185         |
| de 46 a 55 anos      | 11.279        | 17.231        | 28.510         |
| 56 e máis            | 11.332        | 10.027        | 21.359         |
| <b>TOTAL GALICIA</b> | <b>62.053</b> | <b>92.308</b> | <b>154.361</b> |

Táboa 19.

No conxunto dos demandantes parados da Comunidade Autónoma de Galicia as mulleres superan en case 20 puntos porcentuais aos homes. No referente á idade, e posto que o 67,7 % teñen menos de 45 anos, pódese definir un perfil de demandante de idade non avanzada, especialmente se temos en conta que o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos, onde, non debemos esquecerlo, se acadan as maiores taxas de actividade e de ocupación.

En todos os grupos as mulleres recollen taxas superiores aos homes, excepto no de máis de 55, onde os homes as superan, o que tamén se reflicte nas taxas de actividade, e podería ter a súa causa no desánimo na incorporación ao traballo deste colectivo.

Cómpre sinalar por último que nos dous colectivos aparecen as porcentaxes máis altas de parados no grupo de 26 a 35 anos, mentres que as máis baixas aparecen nos homes no grupo de menores de 26 anos e nas mulleres nas maiores de 55.

#### Demandantes non parados por sexo e grupos de idade

| grupos de idade      | homes         | mulleres      | total         |
|----------------------|---------------|---------------|---------------|
| menos de 26 anos     | 5.450         | 7.844         | 13.294        |
| de 26 a 35 anos      | 6.703         | 14.183        | 20.886        |
| de 36 a 45 anos      | 4.929         | 10.744        | 15.673        |
| de 46 a 55 anos      | 5.332         | 8.288         | 13.620        |
| 56 e máis            | 6.984         | 5.382         | 12.366        |
| <b>TOTAL GALICIA</b> | <b>29.398</b> | <b>46.441</b> | <b>75.839</b> |

Táboa 20.

As mulleres superan novamente aos homes, de forma incluso lixeiramente superior ao que sucedía cos demandantes parados.

O comportamento dos distintos colectivos por sexo e idade é moi semellante ao xa descrito para os parados.

## 4.5. Demandantes por nivel académico

### Demandantes por nivel académico

| nivel académico                  | parados        | non parados   |
|----------------------------------|----------------|---------------|
| Ata certificado de escolaridade* | 51.600         | 24.859        |
| Titulación ensino obrigatorio    | 57.046         | 24.584        |
| FP                               | 8.857          | 4.314         |
| BUP / Bacharelato superior / COU | 17.418         | 10.850        |
| Titulados universitarios         | 15.305         | 9.560         |
| Outras titulacións               | 4.135          | 1.672         |
| <b>TOTAL</b>                     | <b>154.361</b> | <b>75.839</b> |

Táboa 21.

\* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade.

Arredor do 70% dos parados de Galicia teñen un nivel de estudos baixo, con titulación en ensino obrigatorio ou con certificado de escolaridade. Na seguinte posición encóntranse os bachareis (11,28%) e os titulados universitarios (9,92%), ocupando o quinto lugar os que teñen estudos de Formación Profesional (5,74%).

A porcentaxe máis elevada de demandantes non parados recóllena os que teñen un nivel de estudos ata certificado de escolaridade (32,78), seguidos, cunha porcentaxe similar, polos titulados en ensino obrigatorio (32,42%). Con taxas moi inferiores aparecen os titulados en bacharel, seguidos polos universitarios e os de Formación Profesional.



#### 4.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

##### Demandantes parados por tempo de busca de emprego

| grupos de idade  | sexo     | menos de 6 meses | 6 meses a 1 ano | máis de 1 ano | total          |
|------------------|----------|------------------|-----------------|---------------|----------------|
| menos de 26 anos | homes    | 8.581            | 1.541           | 877           | 10.999         |
|                  | mulleres | 9.292            | 2.384           | 2.432         | 14.108         |
| de 26 a 35 anos  | homes    | 11.285           | 2.613           | 2.691         | 16.589         |
|                  | mulleres | 14.881           | 4.443           | 9.287         | 28.611         |
| de 36 a 45 anos  | homes    | 7.094            | 1.832           | 2.928         | 11.854         |
|                  | mulleres | 9.253            | 2.963           | 10.115        | 22.331         |
| de 46 a 55 anos  | homes    | 5.128            | 1.564           | 4587          | 11.279         |
|                  | mulleres | 5.118            | 2.031           | 10.082        | 17.231         |
| 56 e máis        | homes    | 2.898            | 1.551           | 6.883         | 11.332         |
|                  | mulleres | 1.652            | 958             | 7.417         | 10.027         |
| <b>TOTAL</b>     |          | <b>75.182</b>    | <b>21.880</b>   | <b>57.299</b> | <b>154.361</b> |

Táboa 22.

A maioría dos demandantes parados de Galicia levan buscando emprego menos de seis meses (48,71%), seguidos polos que levan máis dun ano, que supoñen o 37,12% do total.

A distribución dos valores segundo a idade segue a mesma tendencia ao paro de curta duración, excepto no colectivo de 56 e máis anos e nas mulleres de 36 a 55 anos.

Por sexo é salientable que a presenza feminina supera lixeiramente á masculina no paro de curta duración, para pasar a duplicala nos demandantes que levan máis dun ano buscando emprego.

## 4.7. Demandantes por actividade económica de procedencia

### Demandantes por actividade económica de procedencia


|                | parados        | non parados   | total demandantes |
|----------------|----------------|---------------|-------------------|
| PRIMARIO       | 4.246          | 2.569         | 6.815             |
| SECUNDARIO     | 25.523         | 12.312        | 37.835            |
| CONSTRUCCIÓN   | 19.146         | 6.081         | 25.227            |
| SERVIZOS       | 81.005         | 42.845        | 123.850           |
| SEN ACTIVIDADE | 24.441         | 12.032        | 36.473            |
| <b>TOTAL</b>   | <b>154.361</b> | <b>75.839</b> | <b>230.200</b>    |

Táboa 23.

Atendendo á actividade económica de procedencia, algo máis da metade dos demandantes parados proceden do sector servizos. A unha distancia considerable sitúanse os procedentes do sector secundario (16,53%) e da construción (12,40%).


No caso dos demandantes non parados son tamén os máis numerosos os que proveñen do sector servizos, cunha porcentaxe aínda maior que a que aparecía nos parados (56,49%), seguidos tamén polo sector secundario e a construción, presentando esta última unha taxa catro puntos menor que a que aparecía nos parados.

### Demandantes parados Industria



Outras industrias ■ Alimentación ■ Têxtil e confección ■ Madeira ■ Fab. prod. minerais non metálicos ■  
 Metalurxia e fab. prod. metálicos ■ Metalurxia e fab. prod. metálicos ■ Fab. material transporte ■

Dentro da industria cobran especial importancia cuantitativa aqueles demandantes parados procedentes das actividades relacionadas coa alimentación, que supoñen un 28% do total. Cunha porcentaxe similar aparece o téxtil e a confección (26%), seguido de outras industrias (20%).



As actividades cunha maior presenza dentro dos servizos son as “actividades inmobiliarias e servizos empresariais”, cun 41% do total. A unha considerable distancia sitúanse as administracións públicas (23%) e os servizos á comunidade (14%).

#### 4.8. As 30 ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

| 30 ocupacións máis demandadas                      | valor absoluto | % Galicia |
|--|----------------|-----------|
| DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL                   | 20.689         | 8,99      |
| EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL                 | 19.650         | 8,54      |
| MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL             | 17.296         | 7,51      |
| PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL              | 11.693         | 5,08      |
| CAMAREIRO, EN XERAL                                | 6.470          | 2,81      |
| PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS                  | 5.672          | 2,46      |
| ALBANEL  | 5.569          | 2,42      |
| OPER. MÁQUINA IND. COSER Á PLANA, EX. PEL: CALZADO | 3.873          | 1,68      |
| COCINEIRO, EN XERAL                                | 3.830          | 1,66      |
| AUXILIAR DE CLÍNICA                                | 3.218          | 1,40      |
| TÉCNICO ADMINISTRATIVO, EN XERAL                   | 2.209          | 0,96      |
| MESTRE DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EN XERAL             | 2.201          | 0,96      |
| MODISTA/O  | 2.124          | 0,92      |
| CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL                       | 2.090          | 0,91      |
| PEITEADOR DE SEÑORAS                               | 2.076          | 0,90      |
| COCEDOR DE PEIXES E MARISCOS                       | 2.038          | 0,89      |
| COIDADORA DE GARDERÍA INFANTIL                     | 1.953          | 0,85      |
| CARPINTEIRO, EN XERAL                              | 1.950          | 0,85      |
| PEÓN DA IND. ALIMENT., BEBIDAS E TABACO            | 1.892          | 0,82      |
| MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN                       | 1.743          | 0,76      |
| XARDINEIRO, EN XERAL                               | 1.718          | 0,75      |
| CAIXEIRO DE COMERCIO                               | 1.671          | 0,73      |
| CONDUTOR DE FURGONETA DE ATA 3,5 T                 | 1.610          | 0,70      |
| CAMAREIRA/O DE PISOS (HOSTALERÍA)                  | 1.550          | 0,67      |
| PINCHE DE COCIÑA                                   | 1.503          | 0,65      |
| EMBALADOR, EMPAQUETADOR, ETIQUETADOR Á MAN         | 1.465          | 0,64      |
| ORDENANZA  | 1.414          | 0,61      |
| EMPREGADA DE FOGAR                                 | 1.388          | 0,60      |
| INSTALADOR ELECTRICISTA, EN XERAL                  | 1.373          | 0,60      |
| PEÓN DA IND. METÁL. E FÁB. PROD. METÁL.            | 1.257          | 0,55      |

Táboa 24.

## 4.9. Perfil dos demandantes de emprego

Nesta última táboa resúmense as categorías máis representativas das caracterizacións feitas nos apartados anteriores.

### Perfil tipo

| <b>categorías máis representativas</b> | <b>perfil tipo</b>               |
|--|----------------------------------|
| Sexo                                   | Muller                           |
| Grupo de idade                         | De 26 a 35 anos                  |
| Nivel académico                        | Ensinanza obrigatoria            |
| Busca de emprego                       | Menos de 6 meses                 |
| Actividade económica                   | Sector servizos                  |
| Ocupación máis demandada               | Dependente de comercio, en xeral |

Táboa 25.









## 5. OFERTAS.

### 5.1. Ofertas rexistradas no ano 2004. Evolución

#### Distribución do número de ofertas no ámbito provincial. Ano 2004

| provincia      | ofertas oficinas de emprego | ofertas centros colaboradores |
|----------------|-----------------------------|-------------------------------|
| A CORUÑA       | 10.334                      | 20.637                        |
| LUGO           | 4.712                       | 4.377                         |
| OURENSE        | 4.393                       | 6.931                         |
| PONTEVEDRA     | 17.895                      | 13.556                        |
| <b>GALICIA</b> | <b>37.334</b>               | <b>45.501</b>                 |

Táboa 26.

As provincias da Coruña e Pontevedra abranguen as tres cuartas partes do total das ofertas da nosa Comunidade Autónoma, recollendo cada unha delas arredor do 37% das ofertas.

En terceiro lugar aparece Ourense (13,67%), seguida a pouca distancia da provincia de Lugo (10,97%).

#### Evolución do número de ofertas en Galicia (2000/2004)

| provincia      | ofertas       |               |               |               |               |
|----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                | 2000          | 2001          | 2002          | 2003          | 2004          |
| A CORUÑA       | 37.922        | 30.763        | 30.380        | 32.823        | 30.971        |
| LUGO           | 8.781         | 8.983         | 9.739         | 10.243        | 9.089         |
| OURENSE        | 12.971        | 11.664        | 10.872        | 11.148        | 11.324        |
| PONTEVEDRA     | 29.145        | 32.188        | 35.958        | 32.889        | 31.451        |
| <b>GALICIA</b> | <b>88.819</b> | <b>83.598</b> | <b>86.949</b> | <b>87.103</b> | <b>82.835</b> |

Táboa 27.

Tanto no conxunto de Galicia como nas provincias diminúen o número de ofertas no último ano, excepto na de Ourense, onde hai un lixeiro incremento. A diminución máis importante témola na provincia de Lugo, aparecendo no intervalo 2003/4 unha variación do -11,27%.

Polo que respecta á evolución, non hai un comportamento homoxéneo entre as diversas entidades, senón que se observan comportamentos moi diversos. Así, a Coruña presenta sempre variacións interanuais negativas, excepto entre o ano 2002 e o 2003, evolución que se reflicte nunha variación media do -4,94%, que resulta a máis baixa do conxunto. Lugo, polo contrario, aumenta as súas ofertas todos os anos excepto no último, no que sofren unha redución importante, polo que, aínda que presenta unha variación media positiva, esta non presenta unha taxa moi elevada (v.m. 0,87%).

En Ourense as ofertas diminúen de forma importante nos dous primeiros anos e aumentan lixeiramente nos dous últimos, resultando unha variación media anual negativa do -3,34%. Por último, en Pontevedra a evolución é inversa, con aumento nos primeiros anos e diminución nos últimos, obtendo unha variación media anual do 1,92%.

No conxunto de Galicia, e como resultado do anterior, o crecemento é positivo nos anos intermedios e negativo nos outros, aparecendo unha variación media anual negativa do -1,73%.


## 5.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

### Distribución por provincias e sectores económicos


| provincia      | primario     | secundario   | construción   | servicios     |
|----------------|--------------|--------------|---------------|---------------|
| A CORUÑA       | 368          | 2.635        | 5.512         | 22.456        |
| LUGO           | 393          | 475          | 1.275         | 6.946         |
| OURENSE        | 152          | 974          | 2.100         | 8.098         |
| PONTEVEDRA     | 372          | 3.312        | 5.627         | 22.140        |
| <b>GALICIA</b> | <b>1.285</b> | <b>7.396</b> | <b>14.514</b> | <b>59.640</b> |

Táboa 28.


No sector primario é a provincia de Lugo a que recolle un maior número de ofertas, seguida pola de Pontevedra. No resto dos sectores é esta última a que aparece sempre en primeiro lugar, seguida a pouca distancia pola da Coruña, excepto no sector secundario, onde as posicións se inverten.



O dos servizos, cunha porcentaxe do 71%, é o sector do que proceden a maior parte das ofertas de Galicia, seguidos a moita distancia pola construción (18%) e o sector secundario (9%). O sector primario, polo que respecta ás ofertas, é residual.



Outras industrias (23%) e alimentación (22%) aparecen como os subsectores da industria que acumulan máis ofertas no ano 2004. A continuación sitúanse téxtil e confección (19%) e metalurxia e fabricación de produtos metálicos (14%).



Administracións públicas, co 29%, recolle a maior parte das ofertas do sector servizos, seguida a bastante distancia por transportes, co 14%, e por hostalaría e mais por actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, cun 13% cada un.

### EVOLUCIÓN DAS OFERTAS POR SECTORES ECONÓMICOS (2000/04)

#### Evolución das ofertas por sectores económicos (2000/2004)

| sectores       | nº de ofertas |               |               |               |               |
|----------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                | 2000          | 2001          | 2002          | 2003          | 2004          |
| PRIMARIO       | 476           | 578           | 583           | 604           | 549           |
| SECUNDARIO     | 6.333         | 5.329         | 4.506         | 4.419         | 3.892         |
| CONSTRUCCIÓN   | 11.336        | 11.713        | 10.147        | 10.502        | 9.664         |
| SERVIZOS       | 36.272        | 28.279        | 29.440        | 31.160        | 31.396        |
| <b>GALICIA</b> | <b>54.417</b> | <b>45.899</b> | <b>44.676</b> | <b>46.685</b> | <b>45.501</b> |

Atendendo aos sectores económicos, as ofertas de Galicia presentan unha evolución negativa no período 2000/2004, agás no caso do sector primario, onde a evolución é positiva, recollendo unha variación media anual do 3,63%.

O crecemento negativo máis elevado é o do sector secundario, que presenta unha variación do -11,46%, recollendo variacións interanuais negativas en todos os intervalos.

### 5.3. Perfil básico das ofertas

#### **Sexo/sectores económicos (centros colaboradores):**

Do total das ofertas recollidas en Galicia, tan só o 27% especifican o sexo como requisito para ocupar un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores de actividade económica, é salientable o feito de que na construción e no sector primario o predominio das solicitudes a homes sexa case absoluto.

No sector secundario aparece xa un número importante de solicitudes para mulleres, superando aos homes nas ofertas procedentes do téxtil e confección, mentres que nos servizos a presenza feminina é predominante, especialmente no subsector da hostalaría.

#### **Nivel académico/sectores económicos**

Do total das ofertas das oficinas de emprego e dos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación recollidas en Galicia no ano 2004, un 43% teñen como requisito a condición de presentar un determinado nivel académico, se ben o 63% delas requiren só o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de Formación Profesional, co 14%, seguido a pouca distancia (13%) da titulación en ensino obrigatorio.

As actividades que en maior medida reclaman traballadores con baixo nivel de cualificación son a construción, os transportes e comunicación e as administracións públicas. Esta última é tamén a que concentra maior número de ofertas para bachareis e titulados superiores, seguida nos primeiros polo comercio excepto automoción e nos segundos pola educación. Por último, as ofertas para os que posúen o título de Formación Profesional proceden en primeiro lugar dos transportes e comunicación e en segundo das administracións públicas.

## 5.4. Análise ocupacional

Sinalamos a continuación as trinta ocupacións máis representativas segundo o número de ofertas no ano 2004 nos centros colaboradores do Servizo Galego de Colocación, así como a súa evolución nos últimos cinco anos.

| <b>Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do SGC</b> |   | <b>2000</b> | <b>2001</b> | <b>2002</b> | <b>2003</b> | <b>2004</b> |
|---|---|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| CC030603  | AXENTE COMERCIAL / VENDEDOR                                     | 6.053       | 4.281       | 3.642       | 3.871       | 3.017       |
| TH020302  | CAMAREIRO-BARMAN  | 2.704       | 2.706       | 2.789       | 2.758       | 2.633       |
| C0010302  | ALBANEL   | 3.953       | 3.917       | 3.027       | 2.760       | 2.329       |
| C0010304  | PEÓN DE ALBANEL / PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS                        | 2.068       | 1.960       | 1.902       | 2.042       | 1.378       |
| SE060101  | EMPREGADO/A DO FOGAR  | 358         | 464         | 607         | 1.200       | 1.376       |
| CC040102  | DEPENDENTE EN XERAL   | 1.216       | 1.344       | 1.160       | 1.071       | 1.140       |
| TH020201  | COCIÑEIRO / GRELLEIRO / PIZZEIRO / PRANCHISTA                   | 922         | 719         | 797         | 960         | 1004        |
| SE040101  | PERRUQUEIRO/A   | 567         | 654         | 817         | 807         | 924         |
| A0090201  | AUXILIAR ADMINISTRATIVO   | 624         | 518         | 709         | 734         | 847         |
| SE090101  | CONDUCTOR DE MERCADORÍAS/CONDUCTOR DE CAMIÓN, EN XERAL          | 896         | 724         | 885         | 856         | 818         |
| C0010206  | ENCOFRADOR  | 1.707       | 1.462       | 1.079       | 1.054       | 814         |
| A0090206  | TELEFONISTA / OPERADOR DE TELEMÁRketing                         | 432         | 139         | 280         | 414         | 805         |
| A0090101  | ADMINISTRATIVO  | 486         | 334         | 572         | 659         | 759         |
| TH020203  | AXUDANTE DE COCIÑA  | 823         | 706         | 740         | 747         | 733         |
| SE060102  | MOZO-MULLER DE LIMPEZA  | 585         | 478         | 569         | 534         | 625         |
| SE050113  | REPARTIDOR  | 880         | 620         | 599         | 585         | 562         |
| MI010103  | INST.-MONTADOR INSTALACIÓNS ELÉCT./ELECTRICISTA /AUX. ELECTRIC. | 1.125       | 648         | 483         | 433         | 501         |
| MM010303  | CARPINTEIRO   | 683         | 447         | 459         | 510         | 458         |
| CC080107  | ALMACENISTA / MOZO DE ALMACÉN                                   | 879         | 496         | 433         | 436         | 438         |
| ID010501  | SOLDADOR  | 795         | 785         | 566         | 407         | 430         |
| C0010502  | FONTANEIRO  | 456         | 277         | 298         | 392         | 401         |
| C0010403  | PINTOR/COLORISTA  | 244         | 495         | 436         | 356         | 353         |
| TH020304  | AXUDANTE DE BAR - CAFETERÍA                                     | 365         | 222         | 297         | 282         | 289         |
| SE080103  | AUX. DE AXUDA A DOMICILIO/COIDADOR DE ANCIÁNS                   | 163         | 258         | 372         | 321         | 267         |
| TX020102  | MAGUINISTA DE CONFECCIÓN (COSER, BORDAR, BOBINAR, GANDUXAR)     | 576         | 439         | 351         | 400         | 261         |
| AG010702  | XARDINEIRO/TRAB. DE CENTROS DE XARDINERÍA                       | 197         | 188         | 253         | 265         | 242         |
| CC050202  | AXENTE DE SEGUROS   | 296         | 335         | 272         | 290         | 181         |
| MA010405  | TRABALLADOR ESPACIOS NATURAIS                                   | 87          | 23          | 66          | 582         | 157         |
| AG030202  | TRAB. FORESTAL/PEÓN EXTINCIÓNS DE INCENDIOS                     | 279         | 306         | 306         | 331         | 153         |
| DLO20201  | DPDO. EN CIENCIAS EMPRESARIAIS / PERITO MERCANTIL               | 299         | 239         | 346         | 227         | 135         |

Táboa 30.

O crecemento negativo das ofertas que observabamos nas catro provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma reflíctese tamén na evolución das ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores. Así, as catro ocupacións máis ofertadas no ano 2004 experimentan unha evolución negativa no período obxecto de análise, especialmente a que ocupa a primeira posición, axente comercial/vendedor, que reduce á metade o número de ofertas.

A ocupación que presenta un incremento máis salientable é a de empregado/a do fogar, que case cuadriplica as ofertas do ano 2000, presentando unha variación media anual do 40%. Tamén teñen un crecemento medio importante as de telefonista/operador de telemárketing e traballador espazos naturais, con variacións medias anuais do 16,84% e do 15,90% respectivamente.

As que diminúen de forma máis significativa son as de instalador montador de instalacións eléctricas/electricista/auxiliar de electricidade, maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar) e diplomado en ciencias empresariais/perito mercantil, cunha variación media do 18%.

Deseguido móstranse as 30 ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación no ano 2004 e a súa evolución nos últimos tres anos (únicos anos dos que dispoñemos de datos).

**Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego do SGC**

| ocupacións |  | 2002  | 2003  | 2004  |
|------------|--|-------|-------|-------|
| 97000011   | Peón da ind. manufactureira, en xeral          | 4.874 | 6.300 | 3.879 |
| 71100016   | Albanel  | 3.158 | 3.054 | 3.276 |
| 41020023   | Clasificador-repartidor correspondencia        | 594   | 802   | 3.006 |
| 50200018   | Camareiro, en xeral                            | 1.716 | 1.394 | 1.725 |
| 53300010   | Dependente de comercio, en xeral               | 1.845 | 1.933 | 1.446 |
| 96020014   | Peón da construción de edificios               | 1.569 | 1.874 | 1.364 |
| 91210016   | Muller/mozo limpeza, limpador en xeral         | 1.212 | 1.285 | 1.260 |
| 42100010   | Empregado administrativo, en xeral             | 1.608 | 1.368 | 1.196 |
| 52990063   | Técnico de protección civil                    | 988   | 953   | 934   |
| 52300046   | Traballador retén incendios forestais          | 533   | 562   | 820   |
| 51130024   | Asistente domiciliario (auxiliar axuda domic.) | 517   | 643   | 641   |
| 85420223   | Estibador                                      | 1.884 | 1.158 | 601   |
| 50100017   | Cociñeiro, en xeral                            | 494   | 535   | 574   |
| 98000050   | Mozo carga/descarga, almacén                   | 724   | 549   | 534   |
| 52910016   | Bañista-socorrista                             | 389   | 509   | 495   |
| 78010233   | Cocedor de peixes e mariscos                   | 482   | 430   | 481   |
| 86300016   | Condutor de camión, en xeral                   | 473   | 472   | 476   |
| 96010011   | Peón de obras públicas, en xeral               | 484   | 705   | 433   |
| 94400012   | Peón forestal                                  | 253   | 274   | 422   |
| 71300018   | Carpinteiro, en xeral                          | 406   | 481   | 371   |
| 60220101   | Xardineiro, en xeral                           | 378   | 340   | 330   |
| 90020025   | Vendedor por teléfono                          | 214   | 132   | 267   |
| 72400016   | Pintor de edificios                            | 179   | 200   | 257   |
| 74230011   | Canteiro de construción                        | 304   | 315   | 254   |
| 34110038   | Técnico administrativo, en xeral               | 130   | 200   | 248   |
| 93510013   | Mozo de recolla de lixo                        | 25    | 649   | 236   |
| 72200014   | Fontaneiro                                     | 301   | 292   | 235   |
| 75120049   | Soldador por arco eléctrico, en xeral          | 194   | 170   | 234   |
| 92200016   | Vixilante, en xeral                            | 339   | 276   | 234   |
| 51110066   | Auxiliar de clínica                            | 174   | 127   | 198   |

Táboa 31.

As ocupacións que presentan un maior crecemento son as de mozo de recollida de lixo (v.m. 207%) e clasificador/repartidor de correspondencia (v.m. 125%), seguidas a bastante distancia por técnico administrativo en xeral (v.m. 38%).

Pola contra, as que experimentan un maior decrecemento son as de estibador e vixilante en xeral, con porcentaxes do -43% e -17% respectivamente.







## 6. CONTRATOS

### 6.1. 0 número de contratos no ámbito provincial

#### Distribución do número de contratos no ámbito provincial. Ano 2004

| provincia            | nº de contratos   |
|----------------------|-------------------|
| A CORUÑA             | 319.364           |
| LUGO                 | 73.284            |
| OURENSE              | 55.273            |
| PONTEVEDRA           | 285.090           |
| <b>TOTAL GALICIA</b> | <b>733.011</b>    |
| <b>TOTAL ESPAÑA</b>  | <b>16.350.784</b> |

Táboa 32.

No ano 2004 realizáronse 733.011 contratos en Galicia, o que representa o 4,48% do total da contratación do Estado.

A Coruña e Pontevedra concentran máis do oitenta por cen do total dos contratos de Galicia, aparecendo nas outras dúas provincias un número sensiblemente menor.

#### Evolución

#### Distribución do número de contratos en Galicia. 2000/2004

| Provincia            | 2000              | 2001              | 2002              | 2003              | 2004              |
|----------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| A CORUÑA             | 277.393           | 281.969           | 288.778           | 310.890           | 319.364           |
| LUGO                 | 70.432            | 69.531            | 69.749            | 71.452            | 73.284            |
| OURENSE              | 46.537            | 46.694            | 47.801            | 50.587            | 55.273            |
| PONTEVEDRA           | 287.747           | 287.522           | 282.201           | 281.952           | 285.090           |
| <b>TOTAL GALICIA</b> | <b>682.109</b>    | <b>685.716</b>    | <b>688.529</b>    | <b>714.881</b>    | <b>733.011</b>    |
| <b>TOTAL ESPAÑA</b>  | <b>13.828.919</b> | <b>14.056.484</b> | <b>14.179.248</b> | <b>14.668.063</b> | <b>16.350.784</b> |

Táboa 33. Evolución dos contratos en Galicia 2000/2004.

O ritmo de crecemento do número de contratos durante o período obxecto de análise é menor na Comunidade Autónoma que no conxunto do Estado, ao obter unha variación media a primeira do 1,82%, fronte ao 4,28% do segundo. Polo que respecta ás provincias, todas presentan un crecemento medio positivo, coa excepción de Pontevedra, aínda que con valores moi diversos; así, a Coruña e Ourense obteñen taxas superiores á de Galicia, mentres que Lugo presenta un crecemento medio inferior ao do conxunto da Comunidade.

Se analizamos o número de contratados en vez do número de contratos, observamos que a Coruña segue presentando un crecemento superior ao da Comunidade, mentres que Ourense recolle un crecemento significativamente máis baixo, o que mostra unha maior temporalidade nos contratos. En Pontevedra, porén, aparece unha variación media positiva (fronte ao que sucedía cando viamos a evolución dos contratos), o que podería indicar unha diminución da temporalidade, mentres que Lugo recolle un crecemento similar tanto no número de contratos como no de contratados.

Atendendo á evolución anual, só Ourense e a Coruña, igual que o conxunto da Comunidade Autónoma, aumentan a súa contratación de forma continuada, con variacións interanuais positivas en todos os intervalos. Pontevedra, porén, recolle variacións interanuais negativas en todos os anos excepto no último, mentres que en Lugo só diminúen os contratos no ano 2001.

## 6.2. Distribución da contratación segundo o sexo e a idade

### Ano 2004

#### Distribución da contratación segundo o sexo e a idade. Ano 2004

| grupos de idade      | nº de contratos   |                  |                  |
|----------------------|-------------------|------------------|------------------|
|                      | total             | homes            | mulleres         |
| menores de 26 anos   | 252.007           | 137.495          | 114.512          |
| de 26 a 35 anos      | 260.893           | 133.251          | 127.642          |
| de 36 a 45 anos      | 133.875           | 70.778           | 63.097           |
| de 46 a 55 anos      | 66.836            | 39.801           | 27.035           |
| 56 e máis            | 19.400            | 13.982           | 5.418            |
| <b>TOTAL GALICIA</b> | <b>733.011</b>    | <b>395.307</b>   | <b>337.704</b>   |
| <b>TOTAL ESPAÑA</b>  | <b>16.350.784</b> | <b>9.086.448</b> | <b>7.264.336</b> |

O 53,93% da contratación é masculina, cunha diferenza importante con respecto á feminina. Comparando con España, observamos que no conxunto do Estado a diferenza é maior.

Se analizamos a distribución da contratación en función da idade, observamos que existe unha concentración importante, de case o setenta por cento, nos dous tramos de idade máis baixa, decrecendo a contratación a medida que aumenta a idade. En todos os tramos de idade a contratación masculina supera á feminina.

Por último, débese mencionar que nos homes a maior porcentaxe de contratación aparece nos menores de 26, mentres que as mulleres acadan os seus valores máis altos no tramo de entre 26 e 35 anos. Non debemos esquecer que falamos de contratos, non de contratados, polo que é fácil que nestes colectivos se produza unha maior contratación temporal.

## Evolución

**Evolución dos contratos segundo o sexo. Ano 2000/2004**


| sexo         | 2000           | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
|--------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| HOMES        | 402.597        | 401.063        | 388.414        | 389.968        | 395.307        |
| MULLERES     | 279.512        | 284.653        | 300.115        | 324.913        | 337.704        |
| <b>TOTAL</b> | <b>682.109</b> | <b>685.716</b> | <b>688.529</b> | <b>714.881</b> | <b>733.011</b> |

Táboa 35.

A contratación a mulleres recolle variacións positivas en todos os intervalos, especialmente entre o ano 2002 e 2003, cunha variación interanual do 8,26%. Isto orixina un incremento no total do período, aparecendo unha variación media do 4,84%.

Polo que respecta aos homes, observamos unha regresión nos primeiros dous intervalos e un aumento no resto, con variacións interanuais positivas, aínda que con valores moi baixos que non contrarrestan a diminución inicial, polo que obteñen unha variación media do -0,46%.

### Evolución da contratación segundo o sexo



O gráfico mostra como a preeminencia da contratación masculina sobre a feminina, que é continua nos cinco anos obxecto da análise, tende a diminuír co paso do tempo. Se en 2000 a contratación masculina era 18,04 puntos maior que a feminina, no ano 2004 a diferenza redúcese a 7,86 puntos a favor dos homes.

### Evolución dos contratos segundo a idade. 2000/2004

| grupos de idade    | 2000           | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
|--------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| menores de 25 anos | 260.803        | 255.606        | 250.500        | 253.470        | 252.007        |
| de 26 a 35 anos    | 230.206        | 231.013        | 236.324        | 247.107        | 260.893        |
| de 36 a 45 anos    | 120.612        | 124.612        | 125.361        | 131.118        | 133.875        |
| de 46 a 55 anos    | 55.455         | 58.194         | 59.013         | 65.131         | 66.836         |
| maiores de 55 anos | 15.033         | 16.291         | 17.331         | 18.055         | 19.400         |
| <b>TOTAL</b>       | <b>682.109</b> | <b>685.716</b> | <b>688.529</b> | <b>714.881</b> | <b>733.011</b> |

No conxunto do período de referencia apréciase un crecemento xeneralizado en todos os tramos de idade, coa excepción dos menores de 26 anos, aparecendo as variacións máis altas nos grupos de maior idade.

Nos de 25 e menos anos, os contratos diminúen ao longo do período en todos os anos, coa excepción do ano 2003. No resto dos tramos de idade os contratos aumentan en todos os anos analizados, especialmente no ano 2003, ano de maior incremento para todos os tramos, coa excepción do grupo de 26 a 35 anos, onde o maior crecemento se produce no ano seguinte e do de maiores de 55, coa variación interanual máis alta entre o ano 2000 e o 2001.

### 6.3. A contratación segundo os sectores económicos

#### Distribución da contratación por sectores/subsectorres económicos. Ano 2004


| sectores/subsectorres económicos | contratos 2004 |
|----------------------------------|----------------|
| <b>PRIMARIO</b>                  | <b>20.478</b>  |
| AGRICULTURA E PESCA              | 20.478         |
| <b>SECUNDARIO</b>                | <b>87.256</b>  |
| INDUSTRIA                        | 86.460         |
| ELECTRICIDADE                    | 796            |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>              | <b>92.168</b>  |
| CONSTRUCCIÓN                     | 92.168         |
| <b>SERVIZOS</b>                  | <b>533.109</b> |
| COMERCIO E HOSTALARÍA            | 147.840        |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS       | 61.499         |
| OUTROS SERVIZOS                  | 323.770        |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>           | <b>733.011</b> |

Táboa 37.

O 72,73% dos contratos realizados na nosa Comunidade Autónoma englobábase no sector dos servizos, especialmente no subsector de outros servizos, que recolle case a metade da contratación total, seguido polo comercio e hostalaría, que, cun 20,17%, ocupa o segundo lugar do total por subsectorres.

A continuación aparece a construción (12,57%), seguida do sector secundario (11,90%). En último lugar, e con un valor moi inferior, sitúase o sector primario.


### Contratación - Industria



Alimentación ■ Fab. prod. minerais non metálicos ■ Fab. material transporte ■ Madeira ■  
Metalurxia e fab. prod. metálicos ■ Outras industrias ■ Téxtil e confección ■

No subsector da industria destaca o peso específico da alimentación, que supón a cuarta parte da contratación total. A continuación, e con porcentaxes similares, aparecen o téxtil e confección (20%) e "outras industrias" (19%).

### Contratación - Servizos



AA. PP. ■ Activi. inmobiliarias e serv. empres. ■ Comercio excep. automoción ■ Educación ■  
Hostalaría ■ Outros servizos ■ Sanidade e servizos sociais ■ Serv. á comunidade ■  
Serv. de automoción ■ Transporte e comunicacións ■



A actividade principal no sector servizos no referente ao número de contratos é a de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, co 32% do total. Séguenlle a certa distancia a de comercio excepto automoción, co 15%, e a de transportes e comunicación, co 12%..

### Distribución da contratación segundo os sectores económicos, o sexo e a idade. Ano 2004

| sectores/subsectores económicos | sexo           |                | idade          |                |                |               |               |
|---------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|---------------|---------------|
|                                 | homes          | mulleres       | <26            | 26 a 35        | 36 a 45        | 46 a 55       | 56 e +        |
| <b>PRIMARIO</b>                 | 16.800         | 3.678          | 3.796          | 5.941          | 5.871          | 4.007         | 863           |
| AGRICULTURA E PESCA             | 16.800         | 3.678          | 3.796          | 5.941          | 5.871          | 4.007         | 863           |
| <b>SECUNDARIO</b>               | 46.125         | 41.131         | 27.103         | 31.493         | 17.306         | 8.738         | 2.616         |
| INDUSTRIA                       | 45.611         | 40.849         | 26.907         | 31.162         | 17.151         | 8.655         | 2.585         |
| ELECTRICIDADE                   | 514            | 282            | 196            | 331            | 155            | 83            | 31            |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>             | 87.394         | 4.774          | 27.773         | 28.320         | 19.469         | 12.469        | 4.137         |
| CONSTRUCCIÓN                    | 87.394         | 4.774          | 27.773         | 28.320         | 19.469         | 12.469        | 4.137         |
| <b>SERVIZOS</b>                 | 244.988        | 288.121        | 193.335        | 195.139        | 91.229         | 41.622        | 11.784        |
| COMERCIO E HOSTALERÍA           | 54.607         | 93.233         | 65.693         | 48.902         | 21.227         | 9.134         | 2.884         |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS      | 48.534         | 12.965         | 16.115         | 19.210         | 15.062         | 8.570         | 2.542         |
| OUTROS SERVIZOS                 | 141.847        | 181.923        | 111.527        | 127.027        | 54.940         | 23.918        | 6.358         |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>          | <b>395.307</b> | <b>337.704</b> | <b>252.007</b> | <b>260.893</b> | <b>133.875</b> | <b>66.836</b> | <b>19.400</b> |

Táboa 38.

Tanto para os homes como para as mulleres a maior parte dos contratos do ano 2004 concertáronse no sector servizos, resultando a taxa das mulleres case seis puntos superior á dos homes. En cambio, se para os homes o segundo sector en importancia é a construción (11,92%), para as mulleres ten un papel marxinal, ocupando a segunda posición o sector secundario (5,61%), aínda que a porcentaxe de mulleres neste sector sexa inferior á que recolle a contratación masculina (6,29%).

A preeminencia das mulleres no sector servizos obsérvase tamén na maior presenza que teñen en todos os seus subsectores, excepto en transporte e comunicacións, onde son superadas polos homes.

Analizando as diferentes idades, vemos que novamente o sector servizos é o que predomina en todos os tramos, predominando o subsector outros servizos tamén en todos os grupos de idade. A construción ocupa o segundo lugar para todos, excepto para o grupo de entre 26 e 35 anos, no que esta posición corresponde ao sector secundario.

### Evolución dos contratos en Galicia por sectores e subsectores económicos. 2000/2004

| sectores/subsectores económicos | 2000    | 2001    | 2002    | 2003    | 2004    |
|---------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>PRIMARIO</b>                 | 19.068  | 18.820  | 18.889  | 18.931  | 20.478  |
| AGRICULTURA E PESCA             | 19.068  | 18.820  | 18.889  | 18.931  | 20.478  |
| <b>SECUNDARIO</b>               | 115.576 | 103.529 | 98.482  | 90.750  | 87.256  |
| INDUSTRIA                       | 114.973 | 102.843 | 97.810  | 89.984  | 86.460  |
| ELECTRICIDADE                   | 603     | 686     | 672     | 766     | 796     |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>             | 85.426  | 89.493  | 89.413  | 92.196  | 92.168  |
| CONSTRUCCIÓN                    | 85.426  | 89.493  | 89.413  | 92.196  | 92.168  |
| <b>SERVIZOS</b>                 | 462.039 | 473.874 | 481.745 | 513.004 | 533.109 |
| COMERCIO E HOSTALARÍA           | 122.232 | 122.827 | 130.814 | 140.665 | 147.840 |
| TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS      | 63.879  | 72.342  | 64.526  | 65.069  | 61.499  |
| OUTROS SERVICIOS                | 275.928 | 278.705 | 286.405 | 307.270 | 323.770 |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>          | 682.109 | 685.716 | 688.529 | 714.881 | 733.011 |

Táboa 39.

No sector secundario os contratos diminúen todos os anos, tal e como mostran as variacións interanuais negativas en todos os anos, dando lugar a un crecemento medio negativo do -6,79%.


No sector primario e nos servizos a contratación aumenta en todos os intervalos (excepto no primeiro do sector primario), o que dá lugar a unha variación media positiva, especialmente no sector servizos, que recolle o crecemento máis alto no conxunto do período (v.m. 3,64%).

Polo que respecta á construción, oscila na súa evolución, aumentando e diminuíndo sucesivamente, pero con taxas máis elevadas nos incrementos que nas diminucións e cun crecemento medio do 1,92%.

Por subsectores só a industria (-6,88%) e os transportes e comunicación (-0,94%) experimentan un crecemento medio negativo.

## 6.4. Tipoloxía da contratación laboral

### Distribución da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004



A contratación temporal, que engloba os contratos temporais a xornada completa (68%) e a tempo parcial (21%), supoñen case o oitenta por cen da contratación total da nosa Comunidade Autónoma. Os contratos indefinidos supoñen un 3%, o mesmo que os contratos en prácticas/formación, e os indefinidos a tempo parcial acadan tan só unha porcentaxe do 1% sobre o total.

### Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, sexo e idade. Ano 2004

| tipoloxía de contratos    | sexo           |                | idade          |                |                |               |               |
|---------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|---------------|---------------|
|                           | homes          | mulleres       | 25 e -         | 26 a 35        | 36 a 45        | 46 a 55       | 56 e +        |
| INDEFINIDOS               | 15.776         | 9.764          | 4.688          | 9.337          | 5.629          | 4.449         | 1.437         |
| INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL | 1.855          | 3.838          | 1.705          | 2.015          | 1.043          | 687           | 243           |
| TEMPORAIS                 | 295.801        | 198.060        | 156.167        | 180.121        | 96.805         | 47.755        | 13.013        |
| TEMPORAIS TEMPO PARCIAL   | 54.650         | 102.024        | 67.523         | 54.601         | 22.655         | 8.795         | 3.100         |
| PRÁCTICAS/FORMACIÓN       | 12.180         | 8.810          | 16.858         | 2.868          | 692            | 413           | 159           |
| OUTROS                    | 15.045         | 15.208         | 5.066          | 11.951         | 7.051          | 4.737         | 1.448         |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>    | <b>395.307</b> | <b>337.704</b> | <b>252.007</b> | <b>260.893</b> | <b>133.875</b> | <b>66.836</b> | <b>19.400</b> |

Táboa 40.

Analizando a tipoloxía da contratación por sexo, observamos que os contratos temporais a tempo total son os máis frecuentes en ambos os sexos e en todos os grupos de idade, seguidos polos temporais a tempo parcial.

A contratación indefinida presenta valores moi baixos, pero, por sexo, podemos dicir que é máis frecuente en homes que en mulleres, e por idades é máis frecuente no grupo de 26 a 35 anos que no resto.

#### Distribución da contratación segundo o tipo de contratos e os sectores económicos. Ano 2004

| tipoloxía de contratos    | primario      |               | secundario |               | const.        | servizos       |               |                |                |
|---------------------------|---------------|---------------|------------|---------------|---------------|----------------|---------------|----------------|----------------|
|                           | agricult.     | indust.       | electric.  | total         | const.        | comerc.        | transp.       | servizos       | total          |
| INDEFINIDOS               | 4.361         | 3.749         | 57         | 3.806         | 2.644         | 7.694          | 1.952         | 5.083          | 14.729         |
| INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL | 56            | 535           | 3          | 538           | 176           | 2.613          | 412           | 1.898          | 4.923          |
| TEMPORAIS                 | 15.317        | 71.232        | 625        | 71.857        | 81.174        | 80.304         | 55.168        | 190.041        | 325.513        |
| TEMPORAIS TEMPO PARCIAL   | 538           | 7.679         | 94         | 7.773         | 3.253         | 50.256         | 3.694         | 91.160         | 145.110        |
| PRÁCTICAS/FORMACIÓN       | 128           | 3.082         | 16         | 3.098         | 4.752         | 6.708          | 199           | 6.105          | 13.012         |
| OUTROS                    | 78            | 183           | 1          | 184           | 169           | 265            | 74            | 29.483         | 29.822         |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>    | <b>20.478</b> | <b>86.460</b> | <b>796</b> | <b>87.256</b> | <b>92.168</b> | <b>147.840</b> | <b>61.499</b> | <b>323.770</b> | <b>533.109</b> |

Táboa 41.

Nos diversos sectores económicos predomina claramente a contratación temporal a tempo completo. Os contratos temporais a tempo parcial concéntranse no sector servizos (19,80%), igual que sucede cos indefinidos, aínda que estes con valores moito máis reducidos (2,01%), tal e como se indicou anteriormente. As actividades económicas nas que aparecen máis contratos indefinidos a tempo completo son, en primeiro lugar, a pesca e acuicultura, seguida da construción. En terceiro e cuarto lugar aparecen o comercio polo

miúdo e a hostalaría. Polo que respecta aos contratos indefinidos a tempo parcial, os primeiros lugares son ocupados por hostalaría, por comercio polo miúdo e por outras actividades empresariais.

No ámbito subsectorial é outros servizos o que presenta un maior volume de contratos a temporais, tanto a tempo total como parcial, e comercio é o subsector no que predomina a contratación indefinida.

#### Evolución do nº de contratos segundo a súa tipoloxía. 2000/2004

| tipoloxía da contratación | 2000           | 2001           | 2002           | 2003           | 2004           |
|---------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| INDEFINIDOS               | 34.128         | 29.858         | 24.987         | 25.723         | 25.540         |
| INDEFINIDOS TEMPO PARCIAL | 6.683          | 6.017          | 5.755          | 5.725          | 5.693          |
| TEMPORAIS                 | 248.934        | 244.346        | 468.111        | 488.815        | 493.861        |
| TEMPORAIS TEMPO PARCIAL   | 334.177        | 346.925        | 130.722        | 141.688        | 156.674        |
| PRÁCTICAS/FORMACIÓN       | 19.616         | 18.347         | 21.196         | 21.863         | 20.990         |
| OUTROS                    | 38.571         | 40.223         | 37.758         | 31.067         | 30.253         |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>    | <b>682.109</b> | <b>685.716</b> | <b>688.529</b> | <b>714.881</b> | <b>733.011</b> |

Táboa 42.

Todos os tipos de contratación experimentan un crecemento medio negativo no conxunto do período, excepto os contratos temporais, que experimentan un incremento importante (v.m. 18,68%) e os de prácticas formación, cunha variación media do 1,71%.

## 6.5. Os grandes grupos da contratación

### Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación

| grandes grupos de ocupación   | total contratos | variación media<br>% |
|---|-----------------|----------------------|
| <b>1. DIRECCIÓN DAS EMPRESAS E DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>   | 1.681           | 3,18                 |
| HOMES   | 1.147           | 3,57                 |
| MULLERES  | 534             | 2,38                 |
| <b>2. TÉCNICOS E PROFESIONAIS, CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS</b>  | 64.190          | 2,65                 |
| HOMES   | 30.246          | 2,51                 |
| MULLERES  | 33.944          | 2,77                 |
| <b>3. TÉCNICOS E PROFESIONAIS DE APOIO</b>  | 50.512          | 4,35                 |
| HOMES   | 28.256          | -0,48                |
| MULLERES  | 22.256          | 12,70                |
| <b>4. EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO</b>   | 64.141          | 5,06                 |
| HOMES   | 17.227          | 2,66                 |
| MULLERES  | 46.914          | 6,02                 |
| <b>5. TRABALLADORES DE SERVICIOS DE RESTAURACIÓN,<br/>PERSONAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES COMERCIO</b>   | 152.669         | 6,24                 |
| HOMES   | 40.332          | 4,47                 |
| MULLERES  | 112.337         | 6,92                 |
| <b>6. TRABALLADORES CUALIFICADOS NA AGRICULTURA E NA PESCA</b>  | 12.152          | 2,35                 |
| HOMES   | 10.113          | 1,86                 |
| MULLERES  | 2.039           | 4,95                 |
| <b>7. ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUS-<br/>TRIAS MANUFACTUREIRAS, A CONSTRUCCIÓN E A MINARÍA,<br/>AGÁS OS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA</b> | 114.208         | 0,74                 |
| HOMES   | 91.351          | 0,45                 |
| MULLERES  | 22.857          | 1,92                 |
| <b>8. OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E<br/>MONTADORES</b>   | 66.444          | -4,75                |
| HOMES   | 48.168          | -4,63                |
| MULLERES  | 18.276          | -5,06                |
| <b>9. TRABALLADORES NON CUALIFICADOS</b>  | 207.014         | 0,24                 |
| HOMES   | 128.467         | -1,90                |
| MULLERES  | 78.547          | 4,31                 |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>  | <b>733.011</b>  | <b>1,82</b>          |
| <b>TOTAL HOMES</b>  | <b>395.307</b>  | <b>-0,46</b>         |
| <b>TOTAL MULLERES</b>   | <b>337.704</b>  | <b>4,84</b>          |

Segundo os grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 73,71% dos contratos nos seguintes tres grupos:

### **Grupos de ocupación cunha maior contratación**

- Traballadores non cualificados, co 28,24 % do total de contratos.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 20,83%.
- Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria, 15,58%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores, 9,06%.

Atendendo ao xénero dos contratados, a distribución dos grupos de contratación máis representativos é a seguinte.

### **Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina:**

- Traballadores non cualificados, 17,53%.
- Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria, 12,46%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores, 6,57%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 5,50%.

### **Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina:**

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 15,33%.
- Traballadoras non cualificadas, 10,72%.

- Empregadas de tipo administrativo, 6,40%.
- Técnicas e profesionais, científicas e intelectuais, 4,63%.

En todos os grupos predomina a contratación masculina sobre a feminina, coa excepción dos tres que se sinalan a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, nos que os contratos femininos superan aos masculinos en 9,83 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo, no que a diferenza é de 4,05%
- Técnicas e profesionais, científicas e intelectuais, co 0,50%.

En todos os grupos se produce un incremento da contratación, coa excepción do de operadores de instalacións e maquinaria e montadores.



## 6.6. As ocupacións máis contratadas

### As 30 ocupacións máis contratadas en Galicia. Ano 2004

| ocupacións                                      | total          | homes          | mulleres       | ratio mascul. <sup>1</sup> |
|---|----------------|----------------|----------------|----------------------------|
| PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL           | 61.526         | 47.213         | 14.313         | 76,74                      |
| CAMAREIRO, EN XERAL                             | 41.135         | 17.823         | 23.312         | 43,33                      |
| DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL                | 37.856         | 6.288          | 31.568         | 16,61                      |
| EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL              | 31.012         | 8.479          | 22.533         | 27,34                      |
| ALBANEL   | 30.119         | 29.556         | 563            | 98,13                      |
| MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL          | 27.976         | 4.025          | 23.951         | 14,39                      |
| MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN                    | 26.847         | 23.370         | 3.477          | 87,05                      |
| PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS               | 14.567         | 14.157         | 410            | 97,19                      |
| ESTIBADOR                                       | 13.417         | 12.457         | 960            | 92,84                      |
| CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL                    | 12.706         | 12.408         | 298            | 97,65                      |
| PEÓN DA IND. METÁL. E FÁB. PROD. METÁL.         | 11.712         | 9.442          | 2.270          | 80,62                      |
| MÚSICO INSTRUMENTISTA, EN XERAL                 | 11.063         | 9.862          | 1.201          | 89,14                      |
| COCIÑEIRO, EN XERAL                             | 10.215         | 2.262          | 7.953          | 22,14                      |
| ENFERMEIRO, EN XERAL                            | 10.089         | 1.207          | 8.882          | 11,96                      |
| VENDEDOR POR TELÉFONO                           | 9.712          | 1.960          | 7.752          | 20,18                      |
| CLASIFICADOR-REPARTIDOR CORRESPONDENCIA         | 7.910          | 2.762          | 5.148          | 34,92                      |
| TRABALLADOR NA PREPARACIÓN PEIXE PARA CONSERVA  | 7.778          | 932            | 6.846          | 11,98                      |
| DEMOSTRADOR DE PROD. EN COMERCIOS               | 7.284          | 674            | 6.610          | 9,25                       |
| COCEDOR DE PEIXES E MARISCOS                    | 7.059          | 615            | 6.444          | 8,71                       |
| MARIÑEIRO DE PESCA                              | 6.468          | 6.350          | 118            | 98,18                      |
| OPER. MÁG. IND. COSER Á PLANA, EX. PEL: CALZADO | 6.431          | 139            | 6.292          | 2,16                       |
| REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO                       | 6.143          | 2.955          | 3.188          | 48,10                      |
| AUXILIAR DE CLÍNICA                             | 6.106          | 303            | 5.803          | 4,96                       |
| AUXILIAR ENFERMARÍA HOSP., EN XERAL             | 5.543          | 219            | 5.324          | 3,95                       |
| VENDEDOR TÉCNICO, EN XERAL                      | 5.427          | 2.396          | 3.031          | 44,15                      |
| ENCOFRADOR                                      | 4.929          | 4.896          | 33             | 99,33                      |
| MÉDICO, MEDICINA XERAL                          | 4.908          | 2.237          | 2.671          | 45,58                      |
| CONDUTOR DE FURGONETA DE ATA 3,5 T              | 4.884          | 4.169          | 715            | 85,36                      |
| CARPINTEIRO, EN XERAL                           | 4.778          | 4.339          | 439            | 90,81                      |
| AZAFATA DE INFORMACIÓN                          | 4.651          | 340            | 4.311          | 7,31                       |
| <b>TOTAL CONTRATOS</b>                          | <b>440.251</b> | <b>233.835</b> | <b>206.416</b> | <b>53,11</b>               |

Táboa 44.

<sup>1</sup> Ratio de masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/N.º total de contratos) x 100

Máis da metade da contratación da Comunidade Autónoma concéntrase en trinta ocupacións (60,06%). As ocupacións máis contratadas para o conxunto son as de peón da industria manufactureira, camareiro en xeral e dependente de comercio en xeral.

Nos homes a ocupación máis contratada coincide co conxunto, pero as dúas seguintes serán albanel e mozo carga/descarga. Nas mulleres o maior volume de contratación aparece en dependenta de comercio, seguida de muller da limpeza e camareira en xeral.

Dado que a ratio de masculinidade para o conxunto das trinta ocupacións é do 53,11%, pódese concluír que a presenza da contratación masculina e feminina é similar. Con todo, na maioría das ocupacións o xénero é un criterio determinante á hora de contratar, dado que existen 12 ocupacións cunha contratación claramente masculina (aquelas que teñen unha ratio de masculinidade superior ao 75%) e 13 cunha clara contratación feminina (ratio de masculinidade inferior ao 25%). Só en cinco ocupacións atopamos unha contratación case igualitaria, aínda que con maior presenza feminina:

- Repoñedor de hipermercado
- Médico, medicina xeral
- Vendedor técnico, en xeral
- Camareiro, en xeral
- Clasificador-repartidor correspondencia

**Evolución das trinta ocupacións máis contratadas. 2000-2004**

| <b>ocupacións máis contratados 2000-2004</b>             | <b>2000</b> | <b>2001</b> | <b>2002</b> | <b>2003</b> | <b>2004</b> |
|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Dependente de comercio, en xeral                         | 37.735      | 37.170      | 40.437      | 45.582      | 37.856      |
| Empregado administrativo, en xeral                       | 32.545      | 32.896      | 34.654      | 32.331      | 31.012      |
| Camareiro, en xeral                                      | 28.586      | 28.191      | 31.120      | 34.396      | 41.135      |
| Albanel  | 29.836      | 30.568      | 29.410      | 29.428      | 30.119      |
| Muller/mozo limpeza, limpador en xeral                   | 25.284      | 24.119      | 25.214      | 26.622      | 27.976      |
| Mozo carga/descarga, almacén                             | 26.697      | 27.162      | 22.910      | 24.816      | 26.847      |
| Estibador  | 18.582      | 28.114      | 20.937      | 21.424      | 13.417      |
| Peón da construción de edificios                         | 17.616      | 18.662      | 16.055      | 15.409      | 14.567      |
| Condutor de camión, en xeral                             | 11.482      | 12.836      | 12.106      | 12.818      | 12.706      |
| Enfermeiro, en xeral                                     | 8.547       | 8.707       | 10.489      | 10.620      | 10.089      |
| Músico instrumentista, en xeral                          | 9.913       | 10.590      | 10.315      | 9.964       | 11.063      |
| Cociñeiro, en xeral                                      | 8.389       | 8.875       | 9.014       | 9.137       | 10.215      |
| Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.                  | 9.638       | 8.273       | 8.626       | 5.499       | 11.712      |
| Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado | 12.643      | 12.607      | 8.581       | 7.452       | 6.431       |
| Traballador na preparación de peixe para conserva        | 8.239       | 6.465       | 7.691       | 6.720       | 7.778       |
| Demostrador de prod. en comercios                        | 6.684       | 7.366       | 7.636       | 6.846       | 7.284       |
| Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco                  | 8.390       | 9.197       | 7.353       | 8.779       | 4.546       |
| Médico, medicina xeral                                   | 6.311       | 8.809       | 7.113       | 7.599       | 4.908       |
| Operador de cadea automatizada montaxe, en xeral         | 11.292      | 7.068       | 5.904       | 4.615       | 2.088       |
| Mariñeiro de pesca                                       | 5.574       | 5.653       | 5.786       | 5.370       | 6.468       |
| Cocedor de peixes e mariscos                             | 4.939       | 4.647       | 5.584       | 4.504       | 7.059       |
| Condutor de furgoneta de ata 3, 5 t                      | 5.194       | 4.937       | 5.514       | 4.790       | 4.884       |
| Auxiliar de clínica                                      | 3.916       | 4.165       | 5.197       | 5.358       | 6.106       |
| Carpinteiro, en xeral                                    | 5.296       | 4.987       | 5.129       | 5.298       | 4.778       |
| Vendedor técnico, en xeral                               | 4.456       | 4.730       | 5.055       | 5.370       | 5.427       |
| Encofrador   | 4.453       | 4.540       | 4.871       | 4.388       | 4.929       |
| Caixeiro de comercio                                     | 4.108       | 4.569       | 4.842       | 4.354       | 4.520       |
| Repoñedor de hipermercado                                | 4.816       | 4.738       | 4.680       | 4.768       | 6.143       |
| Enfermeiro de atención primaria                          | 3.017       | 4.504       | 4.594       | 5.020       | 2.720       |
| Clasificador-repartidor correspondencia                  | 4.116       | 3.528       | 4.526       | 6.003       | 7.910       |
| Azafata de información                                   | 1.788       | 2.800       | 3.332       | 5.630       | 4.651       |
| Auxiliar enfermería hosp., en xeral                      | 4.602       | 2.473       | 3.630       | 4.634       | 5.543       |
| Instalador electricista, en xeral                        | 4.276       | 4.881       | 4.337       | 3.572       | 3.427       |
| Vendedor por teléfono                                    | 3.019       | 3.611       | 4.314       | 5.016       | 9.712       |
| Mozo carga/descarga, transp. marítimo                    | 4.160       | 5.929       | 3.843       | 3.157       | 3.399       |

Táboa 45.

A principal característica na evolución das trinta ocupacións máis contratadas da Comunidade Autónoma de Galicia é a estabilidade na súa composición, pois nas vinte primeiras só dúas entran ou saen desta lista. Así, a de peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco sae no 2004 e a de operador de cadea automatizada montaxe, en xeral no 2003.

As ocupacións en que se produce un maior aumento son as de dependente de vendedor por teléfono (variación media 33,92%), azafata de información (v.m. 27%) e clasificador-repartidor de correspondencia (17,74%).

As que máis diminúen son: operador de cadea automatizada-montaxe en xeral (-34,42%), operador de máquina industrial de coser á plana excepto pel (-15,55%) e peón da industria alimentaria, bebidas e tabacos (-14,20%).

